



Facultade de  
Ciencias do Traballo

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**MESTRADO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS  
E RISCOS COMÚNS**

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DUN COLEXIO  
PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DE UN COLEGIO  
SELF-PROTECTION PLAN OF A SCHOOL**

**TRABALLO FIN DE MESTRADO. CURSO: 2015/2016**

**VARELA GARCÍA M<sup>a</sup> REMEDIOS**

**DNI: [REDACTED]**

**DIRECTORES:**

**JOSÉ ÁNGEL FRAGUELA FORMOSO**

**LAURA CASTRO SANTOS**

## **ÍNDICE.**

1.RESUME.....	2
2.PALABRAS CLAVE.....	2
3.MEMORIA.	
3.1.Introdución.....	3
3.2. Obxectivos e metodoloxía.....	5
3.3. Desenvolvemento do traballo.....	6
3.4. Conclusións.....	6
3.5. Bibliografía.....	7
4.ANEXO.	
Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL.....	9

## 1.RESUME.

- O presente traballo, consiste na elaboración do Plan de Autoprotección do colexio, C.P.I.- O FEAL. O Plan conta cunha estrutura ordeada establecida por o *Real Decreto 393/2007*, no cal se aproba a *Norma Básica de Autoprotección* dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia . Tamén é de obrigado cumprimento a normativa Autonómica e neste caso a da Comunidade Autónoma de Galicia, regulada mediante o *Real Decreto 171/2010*, do 1 de outubro, sobre os *Plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia*.
- El presente trabajo, consiste en la elaboración del Plan de Autoprotección del colegio, C.P.I.- O FEAL. El Plan cuenta con una estructura ordenada establecida por el *Real Decreto 393/2007*, en el cual se aprueba la *Norma Básica de Autoprotección* en centros establecimientos y dependencias dedicados a actividades que puedan dar origen a situaciones de emergencia. Tambien es de obligado cumplimiento la normativa Autonómica y en este caso la de la Comunidad Autonoma de Galicia, regulada mediante el *Real Decreto 171/2010*, del 1 de Octubre , sobre *Planes de Autoprotección en la Comunidad Autónoma de Galicia*.
- The present work is the development of a Self-Protection Plan of a school C.P.I.-O FEAL. The development plan has orderly structure in its documentation, established in *Royal Decree 393/2007* , for which the *Basic Self-protection* of centers, institutions and agencies engaged in activities that may give rise to situations is approved emergency.It is also mandatory regional legislation in this case the Autonomous Community of Galicia, which regulates by *Royal Decree 171/2010*, of 1 October, on *Protection Plans in the Autonomous Community of Galicia*.

## 2.PALABRAS CLAVE.

- Plan .Autoprotección. Actuación. Emerxencia. Organización. Formación.

- Plan. Autoprotección. Actuación. Emergencia. Organización. Formación.
- Plan. Self- Protection. Performance. Emergency.Organization. Training.

### **3.MEMORIA.**

#### **3.1.Introdución.**

O obxecto deste traballo é a realización do Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL. Para isto foi preciso apoiarse en lexislación específica, ademáis de facer un recoñecemento do edificio e das súas instalacións.

A finalidade de un Plan de Autoprotección é por un lado velar por a integridade física das persoas e por outro protexer os bens as instalacións e o medio ambiente. Así o *Real Decreto 393/2007*, por o que se aproba a *Norma Básica de Autoprotección* dos centros, establecemetos e dependencias adicadas a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, define a *Autoprotección* como: un sistema de accións e medidas encamiñadas a prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, dar respostas axeitadas a posibles situacións de emerxencia e garantir a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

O Concello de Narón puxo en marcha o programa de *Autoprotección nas escolas*, para que en colaboración cos centros educativos de infantil, primaria e secundaria, se difundan entre os escolares os principios da autoprotección .A finalidade do programa é dotar a estes centros de Plans de Autoprotección e no marco da súa implantación, formar ó persoal docente e involucrar os alumnos nos principios básicos da autoprotección.

Con este documento, unha vez que o centro esté equipado cos medios de prevención e protección precisos, consiguírase optimizar os recursos dispoñibles para facer frote as posibles situacións de emerxencia.

A continuación faigo una breve descrición en canto á normativa empregada para a elaboración deste Plan de Autoprotección:

- *A Ley 31/1995 de Prevención de Riscos laboráis*, no seu artigo 20, recolle que: O empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas á mesma, deberá analizar as posibles situación de

emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, designando para isto ó persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periódicamente o seu correcto funcionamento. O citado persoal deberá poseer a formación necesaria e dispoñer do material axeitado, en función das circunstancias antes sinaladas. Para a aplicación das medidas adoptadas o empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias cos servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de forma que quede garantizada a rapidez e eficacia dos mesmos.

- *Orden do 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de Centros Docentes de Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación profesional.*

Esta Orde, no seu Artigo 1º establece que: todos os Centros Docentes Públicos de Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación profesional, que dependan do Ministerio de Educación e Ciencia, deben realizar exercicios prácticos de evacuación nos edificios.

- *A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.*

No seu Artigo 40.- Autoprotección nos centros educativos. Neste artigo define que se considera un centro docente ou educativo. Tamén fai fincapé da necesidade de programar actividades de información, prevención e divulgación en materia de Protección Civil, e da realización de un simulacro alomenos unha vez o ano.

- *O Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Dentro do Anexo I , Catálogo de actividades, no punto 2. Actividades sen regulamentación sectorial específica, atopamos no apartado e) Centros docentes, donde nos indica que se entende como centro docente:

- Todo aquel descrito no artigo 40.1º da Lei 5/2007, do 5 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Establecemento de uso docente especialmente destinados a persoas con capacidades físicas ou psíquicas ou a persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

- Calquera establecemento de uso docente sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28m, ou de unha ocupación igual ou superior a 1000 persoas.
- *Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.*
- *Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que aproba o Código Técnico de Edificación.*
- *Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que aproba a Norma Básica de Autoprotección.* Este Real decreto define a autoprotección, como xa indiquei nun dos párrafos anteriores.

### **3.2. Obxectivos e metodoloxía.**

Coa elaboración deste plan de Autoprotección propuxen a consecución dos seguintes obxectivos:

- Coñecer o centro, as súas actividades e as súas instalacións, así como os riscos asociados as mesmas e os medios de protección dispoñibles.
- Garantir a fiabilidade de todos os medios de protección e das instalacións xerais.
- Evitar as causas que dan lugar a emerxencias.
- Dispoñer de persoas organizadas e formadas que garanticen rapidez e eficacia nas accións a emprender para poder controlar posibles emerxencias.

É moi importante que as persoas involucradas na posta en marcha do Plan de Autoprotección estén correctamente organizadas e posúan a formación necesaria. Tamén é preciso que todos os ocupantes do centro estén informados de cómo actuar en caso dunha emerxencia. Para todo isto é necesario a realización de simulacros.

Hai que ter en conta que o Plan de Autoprotección é un “documento vivo”, susceptible de modificacións sempre e cando cambien as condicións estruturais e organizativas contidas no mesmo.

O presente Plan de Autoprotección foi elaborado en base os criterios recollidos na documentación entregada polo C.P.I.- O FEAL e a normativa referida a autoprotección, prevención e actuación en caso de emerxencia.

A documentación entregada polo C.P.I.- O FEAL foi a seguinte:

- Planos descriptivos.
- Información obtida nas reunións mantidas con representantes do equipo directivo.

### **3.3. Desenvolvemento do traballo.**

Dadas as especiais características do presente traballo, que consiste na elaboración do Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL, que conta cunha estricta e ordeada estrutura na súa documentación, establecida por o *Real Decreto 393/2007*, considerei que para respetar a numeración e desenvolvemento dos capítulos e evitar a interacción ente a estrutura do Traballo Fin de Mestrado e a do propio Plan, a mellor opción era adxuntar a memoria do traballo un Anexo ,como un documento cerrado e autónomo ,e así conservar a súa propia estrutura formal tal e como o indica a norma de referencia.

#### ***Estructura do Plan de Autoprotección.***

Capítulo número 1. Identificación dos titulares e localización da actividade.

Capítulo número 2. Descrición detallada da actividade e do medio físico en que se desenvolve.

Capítulo número 3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

Capítulo número 4. Inventario e descrición das medidas e medios de protección.

Capítulo número 5. Programa de mantemento de instalacións.

Capítulo número 6. Plan de actuación ante emerxencias.

Capítulo número 7. Integración do Plan de Autoprotección en outros de ámbito superior.

Capítulo número 8. Implantación do Plan de Autoprotección.

Capítulo número 9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.

Anexo I. Directorio de comunicacións.

Anexo II. Formularios para a xestión da emerxencia.

Anexo III. Actas de declaración.

Anexo IIII. Planos.

### **3.4. Conclusións.**

Durante a elaboración do presente traballo puiden observar as dificultades de realizar esta tarefa en instalacións antigas como é o caso de algúns dos edificios que constituen o C.P.I.-

O FEAL.

Tamén me axudou para valorar de maneira crítica as condicións de seguridade presentes en numerosas instalacións as que teño acceso.

Por outro lado coa realización do Plan puiden contrastar coñecementos de tipo preventivo adquiridos durante a realización do Mestrado. Desta maneira, fun consciente da necesidade nas obras de nova construción ou en reformas, da interrelación entre o deseño de espazos de traballo e a acción preventiva, así como a importancia de integrar a seguridade e saúde para garantir a súa aplicación e vixencia durante a vida útil da instalación.

Coa realización deste traballo adquirín os coñecementos e as técnicas para enfrentrarme a este tipo de traballos, profundizando en normativa específica relativa á autoprotección e abrindo un pouco mais o abanico de posibles actividades laboráis.

### **3.5. Bibliografía.**

IRANZO GARCÍA Y. *NTP 818: Norma Básica de Autoprotección*. ISHT.

XEFATURA DO ESTADO. Ley 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais . BOE *núm.2696 do 10/11/1995*, pp. 32590-32611.

MINISTERIO DE VIVENDA. Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, por o que se aproba o Código Técnico de Edificación. BOE *núm,74 do 28/03/2006*, pp. 11816-11831.

MINISTERIO DO INTERIOR. Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo por o que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros , establecementos e dependencias adicados a actividades que poidan dar orixe a situación de emerxencia. *BOE núm.72 do 24/03/2007*, pp. 12841-12850.

MINISTERIO DO INTERIOR. Real Decreto 1468/2008, do 5 de setembro, por o que se modifica o Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, por o que se aproba a Norma Básica de Autoprotección do centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poidan dar orixe a situación de emerxencia. *BOE núm.239 do 03/10/2008*, pp. 3986-39837.

PIQUÉ ARDANUY, T. *NTP 361: Planes de emergencia en lugares de pública concurrencia*. ISHT.

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS



PÚBLICAS Y XUSTICIA. Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia. *DOG núm.203 do 21/10/2010*,pp.17429.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA. Orde do 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de Centros docentes de Educación Xeral Básica , Bacharelato e Formación profesional. *BOE núm.276 do 17/11/1984*, pp.33179-33184.

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA. Ley 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.*DOG.mún.94 do 16/05/2007*.

MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS. Real Decreto 486/1997, do 14 de abril , por o que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde no lugares de traballo. *BOE mín.97 do 23/04/1997*,pp.12918-12926.

MINISTERIO DE INDUSTRIA E ENERXÍA. Real Decreto1942/1993, do 5 de novembro por o que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios. *BOE núm.298 de 14/12/1993*,pp.35159-35168.

MINISTERIO DE CIENCIA E TÉCNOLOXÍA. Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, por o que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión. *BOE núm.224 do 18/09/2002*,pp.33084-33086.

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA. Real Decreto 379/2001, de 6 de abril por o que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias. MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6, MIE APQ-7.*BOE núm 112 do 10/05/2001*, pp. 16838-16929.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA. Real Decreto 1027/2007, do 20 de julio por o que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios. *BOE núm.207 do 29/08/2007*, pp. 35931-35984.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA. Real Decreto 238/2013, do 5 de abril por o que se modifican determinados artigos e instrucións técnicas do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, aprobado por o Real Decreto 1027/2007, do 20 de julio. *BOE núm 89 do 13/04/2013*, Sec I. pág 27563.

## 4.ANEXO.

### Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL.

Preséntase a continuación, como un documento cerrado e autónomo, o Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL.

### ÍNDICE.

OBXECTO .....	13
Capítulo 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE .....	13
1.1. Identificación do titular .....	13
1.2. Identificación do titular da actividade.....	13
1.3. Director do Plan de Autoprotección e Director do Plan de Actuación en Emerxencias .....	14
Capítulo 2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.....	15
2.1. Introducción.....	15
2.2. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.....	15
2.3. Descrición do centro .....	17
2.4. Clasificación e descrición de usuarios e usuarias .....	22
2.5. Descrición do entorno urbano, industrial ou natural no que figuran os edificios , instalacións e áreas donde se desenvolve a actividade .....	23
2.6. Descrición dos accesos , condicións de accesibilidade da axuda externa.....	25
2.7. Condicións de aproximación e entorno para os servizos de extinción de incendios .	27
Capítulo 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.....	29
3.1. Descrición e localización dos elementos e instalacións que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento .....	29
3.1.1. Instalacións xerais do C.P.I.- O FEAL.....	29
3.1.2. Situación das chaves de corte xerais .....	29
3.1.3. Instalacións de risco .....	30

3.2. Identificación, análise e avaliación de riscos propios e dos riscos externos que poidan afectarlle.....	34
3.2.1. Análise e avaliación de riscos propios da actividade .....	35
3.2.2. Análise e avaliación de riscos externos.....	37
3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas .....	39
Capítulo 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....	42
4.1. Inventario e descrición das medidas e medios humanos e materiais dos que se dispón para controlar os riscos detectados, enfortar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias .....	42
4.1.1. Medios Humanos .....	42
4.1.2. Medios materiais .....	43
Capítulo 5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.....	57
5.1. Consideracións previas sobre o programa de mantemento.....	57
5.2. Mantemento preventivo das instalacións de risco .....	57
5.3. Mantemento preventivo das instalacións de protección .....	60
5.4. Outras operacións de mantemento preventivo.....	61
Capítulo 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS .....	63
6.1. Consideracións previas sobre a actuación ante emerxencias.....	63
6.2. Identificación e clasificación das emerxencias .....	63
6.3. Procedemento de actuación ante emerxencias .....	65
6.4. Identificación do persoal designado.....	77
6.5. Identificación do responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante Emerxencias.....	87
Capítulo 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN EN OUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR .....	88
7.1. Protocolo da notificación da emerxencia.....	89
7.2. Coordinación entre a dirección do Plan de Autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integra o Plan de Autoprotección .....	90
7.3. Formas de colaboración do C.P.I.- O FEAL con Emerxencias Narón .....	91

Capítulo 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	92
8.1. Criterios para a implantación do Plan de Autoprotección .....	92
8.2. Identificación do responsable da implantación do Plan.....	92
8.3. Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Autoprotección.....	93
8.4. Programa de formación para todo o persoal .....	95
8.5. Programa de información xeral para usuarios e usuarias.....	96
8.6. Sinalización e normas de actuación para visitantes .....	96
8.7. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.....	97
Capítulo 9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	98
9.1. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.....	98
9.2. Programa de substitución de medios e recursos .....	98
9.3. Programa de exercicios e simulacros .....	98
9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Autoprotección.....	99
9.5. Programa de auditorias .....	100
<b>ANEXOS.</b>	
Anexo I: DIRECTORIO DE COMUNICACIÓNS.....	102
1.1. Teléfonos do persoal designado.....	102
1.2. Teléfonos de axuda exterior.....	102
ANEXO II: FORMULARIO PARA A XESTIÓN DA EMERXENCIA .....	103
Documento 1. Mensaxe tipo de comunicación ó servizo de emerxencias.....	103
Documento 2. Informe en caso de ameaza de bomba.....	103
Documento 3. Seguridade infantil nas excursións escolares .....	104
Anexo III: ACTAS E DECLARACIÓNS .....	106
Documento 1. Divulgación e capacitación dos equipos de emerxencia .....	106
Documento 2. Informe do simulacro de emerxencia .....	107
Documento 3. Autoría do Plan.....	109

Anexo IV: Planos ..... 110

## OBXECTO.

O presente Plan de Autoprotección ten por obxecto a organización dos medios humanos e materiais dispoñibles para a prevención e actuación en caso de producirse unha emerxencia no C.P.I.- O FEAL, asegurando que a intervención inmediata garanta o control dos posibles danos as persoas, as instalacións e o medio ambiente, así como establecer pautas de actuación para a evacuación total ou parcial do centro, coñecer os medios preventivos dispoñibles e definir funcións e responsabilidades .

Aplicarase as instalación do centro téndose en conta as actividades que se realizan no mesmo.

## Capítulo 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE.

### 1.1. Identificación da actividade.

C.P.I. – O FEAL		
Dirección: .....	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono: 881..... Fax: 881.....	e-mail: .....	

Tabla1 : Identificación da actividade.

### 1.2. Identificación do titular da actividade.

<b>Nome:</b> ..... <b>NIF:</b> ..... <b>Cargo:</b> Director		
Dirección: .....	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono: 881..... Fax: 881.....	e-mail:.....	

Tabla 2 : Identificación do titular da actividade.

**1.3. Director do Plan de Autoprotección e Director do Plan de Actuación en Emerxencias.**

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>		
<b>Nome:</b> ..... <b>NIF:</b> ..... <b>Cargo:</b> Director		
Dirección: Río Seco, s/n	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono: 881..... Fax: 881.....	e-mail: .....	

*Tabla 3 : Director do Plan de Autoprotección.*

<b>Director do Plan de actuación en emerxencias</b>		
<b>Nome:</b> ..... <b>NIF:</b> ..... <b>Cargo:</b> Director		
Dirección: Río Seco,s/n	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono: 881..... Fax: 881.....	e-mail: .....	

*Tabla 4 : Director do Plan de actuación en emerxencias.*

## Capítulo 2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.

### 2.1. Introducción.

No caso concreto da actividade identificada debe ser entendida como o conxunto de operacións e/ou tarefas que poidan dar orixe a accidentes ou sucesos que xeneren situacións de emerxencia. Para lograr a máxima operatividade do plan, ademais dunha análise da actividade habitual do C.P.I. – O FEAL , identificaremos actividades que non se desenvolven nos edificios nin en terreos do centro, establecendo protocolos de actuacións nestes casos.

### 2.2. Descrición de cada unha das actividades desenvolvidas obxecto do plan.

O Centro de educación infantil, primaria e secundaria C.P.I.- O FEAL é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A actividade principal do centro é a docencia dos diferentes niveis de educación infantil, primaria e secundaria concretamente do segundo ciclo no caso de infantil, do primeiro e segundo ciclo no caso da etapa de primaria, e dos catro cursos de secundaria.

Etapa	Ciclo	Curso	Idade
Educación infantil	2º	4º	3-4 anos
		5º	4-5 anos
		6º	5-6 anos
Educación primaria	1º	1º	6-7 anos
		2º	7-8 anos
		3º	8-9 anos
	2º	4º	9-10 anos
		5º	10-11 anos
		6º	11-12 anos
Educación secundaria obligatoria		1º	12-13anos
		2º	13-14 anos
		3º	14-15 anos
		4º	15-16 anos

Tabla 5 : Actividades desenvolvidas no centro.



**Horario de apertura** do centro é o seguinte:

Horario	Actividade
7h30 a 9h00	Servizo de madrugadores e almorzo
9h00 a 14h00 e as tardes dos Luns de 16h30 a 18h10	Escolar( lectivo)
14h00 a 16h00	Comedor
16h00 a 18h00	Actividades extraescolares
16h30 a 18h10, os Mércores	Coordinación docencia
9h00 a 14h00 e as tardes dos luns de 16h00 a 18h10	Conserxería
14h00 a 22h00	Limpeza

Tabla 6 :Horarios do centro.

Ademais das actividades estritamente escolares, a ANPA organiza **actividades de carácter extraescolar no centro**:

Actividade	Día	Horario	Lugar	Monitor/a
Tennis de mesa	Luns	16h00 a	Pavillón de	
Zumba	Luns	17h00 a	Pavillón de	
Baile Moderno	Martes	16h00 a	Pavillón de	
Patinaxe	Mércores	16h00 a	Pavillón de	

Tabla 7 :Actividades extraescolares.

**Eventos de celebración anual:**

Festa	Lugar	Horario	Data
Magosto	Exterior ou patio cuberto	9h00 a 14h00	Outubro
Nadal	Gimnasio de primaria e patio cuberto	9h00 a 14h00	Decembro
Entroido	Gimnasio de primaria e patio cuberto	9h00 a 14h00	Febreiro
Fin de curso	Pazo da Cultura	9h00 a 14h00	Xuño

Tabla 8 :Eventos de celebración anual.

### Excursións e visitas:

Non toda a actividade escolar se desenvolve nas instalacións do centro. Ó longo do curso, o centro organiza excursións ou visitas para as que estableceremos protocolos para a prevención e actuación en caso de emerxencia.

En dito protocolo, incluído no Anexo II, incluírase a seguinte información:

- Destino
- Data e horario
- Número de alumnos
- Número e identificación de nenos e nenas
- Número e identificación de docentes
- Xefe de emerxencia
- Responsable de primeiros auxilios (botiquín)

### 2.3. Descrición do centro.

O C.P.I.- O FEAL é un centro escolar edificado nunha parcela de unha superficie aproximada de 28000 m<sup>2</sup> ubicada nas seguintes coordenadas:



Coordenadas UTM
HUSO 29
X 565566
Y 4819535

Imaxe 1 : Plano de localización e coordenadas UTM.

O conxunto do recinto conta co edificio principal no que se imparte a docencia, un edificio independente utilizado como comedor, un pavillón para o alumnado de secundaria e un patio cuberto anexo ó edificio principal. Ademais conta con unha zoa axardinada que rodea o centro, equipada con pista de fútbol e parque infantil. Conta tamén con unha zoa de estacionamento de vehículos dos traballadores do centro.



Imaxe 2 : Descrición do centro.

Ó carecer de Proxecto Técnico o edificio non se conta con información sobre os elementos construtivos do edificio, polo que nos limitaremos a facer unha breve descrición do mesmo.

O centro escolar é un edificio de catro plantas: planta soto, planta baixa, 1º andar e 2º andar.

- Na planta soto existe un local que actualmente está en desuso ó que se accede a través do patio.
- Na planta baixa atopamos, estancias de uso común (bibliotecas, aulas de plástica, taller de tecnoloxía e aula de informática), as estancias dedicadas á conserxería e as aulas de educación infantil e primaria. Tamán atopamos os locais técnicos de instalacións de suministro do centro e a antiga vivenda do conserxe que se utiliza como almacén.
- Na planta primeira atopamos a zona de administración e as aulas de educación secundaria e primaria, aula de inglés e aula de informática.
- Na planta segunda están situadas o resto de aulas de secundaria e primaria e algunhas de uso común.

Todas as plantas están conectadas por dúas escaleiras non protexidas de uso público.

O edificio está construído por pilares de formigón e muros de ladrillo .

Respecto os ventanais:

- Trátase de ventanais corridos de catro follas con unha estreita separación entre si, salvo na fachada D onde so conta con uns pequenos ventanais na zona dos aseos.

- As follas da ventás teñen unha anchura mínima de 60cm, e o sistema de apertura e de corredeira paralela.

Como sinalaamos no apartado anterior, anexo ó edificio principal atopamos o patio cuberto e o pavillón de primaria. O patio cuberto é un espacio aberto. A partir do mesmo accedese ó pavillón de primaria que consta de unha zoa central de usos múltiples, un escenario lateral en un dos seus extremos e unha zoa de aseos e almacén no extremo contrario.

O comedor é un edificio de planta baixa. Conta con unha zona de servizo do edificio e o comedor propiamente dito para uso do alumnado. Neste edificio tamén se ubica o local da ANPA.

O pavillón de secundaria é un edificio de planta baixa , que conta con un ximnasio central e con zonas adicadas a vestuarios e almacéns en sendos extremos do edificio.

### **Usos do C.P.I.- O FEAL .**

Guiandonos polos criterios da NBE-CPI-96, que establece que as zonas de un establecemento docente destinadas a actividades subsidiarias da principal cumprirán as condicións relativas ó seu uso, identificamos os seguintes usos:

<b>Usos C.P.I.- O FEAL</b>
Docente
Pública concurrencia
Administrativo

*Tabla 9 : Usos do C.P.I.-O FEAL*

A efectos de identificación dos espazos, diferenciaremos as zonas no edificio:

<b>Edificio</b>	<b>Andar</b>	<b>Local</b>	<b>Uso</b>
<b>Edificio Principal</b>	<b>Soto</b>	-	Non se utiliza
	<b>Planta Baixa</b>	Vestíbulo	Pública concurrencia
		Conserxería	Administrativo
		Aseos	Aseo
		Cuarto de limpeza	Almacén

Edificio	Andar	Local	Uso
Edificio Principal	Planta Baixa	Taller de Tecnología	Docente
		Aseo	Aseo
		Sala de profesores	Docente
		Dpto Orientación	Docente
		Aseo	Aseo
		Almacén Taller	Almacén
		Almacén plástica	Almacén
		Aula de plástica	Docente
		Aseo	Aseo
		Biblioteca secundaria	Docente
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Aseo Niños	Aseo
		Aseo Niñas	Aseo
		Aula	Docente
		Aseos	Aseo
		Cuarto Limpieza	Almacén
		Aula	Docente
		Aula	Docente
		Local de generadores	Local Técnico
		Biblioteca primaria	Docente
		Aula	Docente
		Aula Informática	Docente
		Cuarto da caldeira	Local Técnico
		Vivenda conseje	Sin Uso/almacén
		Almacén/cuarto limpieza	Almacén
		Aseo niños	Aseo
		Despacho profesores	Docente
Aseo niñas	Aseo		



Edificio	Andar	Local	Uso
Comedor	Planta Baixa	Aseos	Aseo
		Local ANPA	Administrativo
		Comedor	Comedor
		Cuarto generador calefacción	Local Técnico
		Despacho	Docente
		Cuarto de taquillas	Almacén
		Vestuario	Vestuario
		Almacén	Almacén
		Aseos	Aseo
		Aseos	Aseo
		Almacén	Almacén

Tabla 10: Identificación de espacios.

#### 2.4. Clasificación e descrición dos usuarios e usuarias.

Os usuarios do centro clasifícanse en catro apartados:

- Os **traballadores e traballadoras do C.P.I.- O FEAL**, que podemos dividir en:
  - Docentes e equipo directivo
    - . Director
    - . Secretaria
    - . Xefa de Estudos
    - . Profesorado
  - Outros traballadores,
    - . Conserxe
    - . Administrativa
    - . Limpeza: 3 persoas para o edificio principal, algúns días con apoio.  
1 persoa para a limpeza do pavillón e do comedor.
    - . Monitores de comedor: 4 persoas para a comida de mediodía.  
1 persoa para os desaiunos.

- Coidadores para nenos e nenas con necesidades especiais: 1 persoa.
- **Alumnos e alumnas do C.P.I.- O FEAL.** Inclúense neste grupo a todas aquelas persoas que acoden ás dependencias e locais a realizar a súa formación e que durante certo intervalo de tempo forman parte da ocupación do edificio (sen dúbida estas persoas forman a ocupación mais alta do edificio e non forman parte da operatividade do plan de autoprotección).
  - **Monitores e monitoras da ANPA** colaboradores nas actividades extraescolares: inclúense nesta categoría aquel persoal que colabora no desenvolvemento das actividades organizadas pola ANPA e que se desenvolven en horario extraescolar. Estas actividades son de diversos tipos e desenvólvense no pavillón de primaria, no patio cuberto, no exterior do centro ou como no caso da festa de fin de curso no Pazo da Cultura do Concello de Narón.
  - **Visitantes:** Inclúense neste grupo a todas aquelas persoas que esporádicamente acoden ás dependencias e locais a realizar diversas xestións e que durante certo intervalo de tempo forman parte da ocupación do edificio.
  - **Operarios concorrentes:** Inclúense neste grupo a todos os operarios pertencentes a outros edificios ou actividades, pero que realizan funcións de seguridade, limpeza e mantemento das diferentes instalacións, redes, máquinas e equipos de que está dotado o centro. Trátase de persoal non pertencente ó persoal do centro, pero que poden prestar servizos durante un período de tempo máis ou menos duradeiro e as súas actuacións son concorrentes coas propias das actividades desenvolvidas neste inmovible.

## **2.5. Descrición do entorno urbano, industrial ou natural no que figuran os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.**


### **Descrición do entorno urbano, industrial ou natural.**

O C.P.I.-O FEAL está situado no barrio da Feal, no Concello de Narón, rodeado de vienvendas particulares e masas forestais.



Id.	≥100 metros
1	Vivendas particulares e pequenos edificios
2	Zona de masas forestais
	Carretera FE-12
	Carretera AC-566

Tabla 11: Descripción do entorno urbano, industrial ou natural.



Imaxe 3: Descripción do entorno urbano, industrial ou natural.

É necesario ter en conta a existencia das vivendas particulares e pequenos edificios debido ó seu posible impacto no Plan de Autoprotección do centro. Esta situación fai recomendable establecer canais de comunicación entre os responsables do centro e os titulares de ditas edificacións no caso de ocorrer unha emerxencia.

Compre tamén ter en conta a cercanía da estrada FE-12 , polo tanto, o Plan de Emerxencia por Accidente no Transporte de Mercadorías Perigosas da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan TRANSGAL).

Tamén teremos en conta as masas forestais que rodean o centro, por tanto, o Plan de Emerxencia Municipal do concello de Narón e a nivel Autonómico O Pladiga (Plan de Prevención y Defensa contra os Incendios forestais de Galicia).

Tamén compre sinalar a cercanía do Polígono Industrial Río do Pozo, a maior superficie de solo industrial da comarca.

## 2.6. Descrición dos accesos, condicións de accesibilidade da axuda externa.

### Descrición dos accesos.

A seguir analizaremos os accesos peonís e dos vehículos de emerxencia ó C.P.I.- O FEAL:

- **Accesos ó recinto.** Conta con:

Acceso ó recinto	Características	Dimensións
Acceso 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada principal, na Rúa Río Seco.</li> <li>• Portal corredeiro. Automático.</li> <li>• Anexo o portal corredeiro existe unha porta para acceso peonil.</li> </ul>	<p>4.44m</p> <p>0.92m</p>
Acceso 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada secundaria, na Rúa Río Seco.</li> <li>• Portal corredeiro. Automático.</li> <li>• .Acceso de vehículos ó aparcadoiro.</li> </ul>	2.72m
Acceso 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada secundaria, na Rúa Río Seco.</li> <li>• Portal corredeiro, con peche manual.</li> <li>• .Acceso habitual para o servizo do comedor.</li> </ul>	4.83m

Tabla 12: Accesos ó recinto.

- **Accesos ó edificio.** Conta con:

Acceso ó edificio	Características	Dimensións
<b>Edificio Principal</b>	Acceso 1 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada principal.</li> <li>• Da acceso ó vestíbulo do centro.</li> <li>• Dobre folla.</li> </ul>	<p>1.80m</p> <p>0.90/0.90m</p>
	Acceso 2 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada principal.</li> <li>• Da acceso ó vestíbulo do centro.</li> <li>• Dobre folla.</li> </ul>	<p>1.80m</p> <p>0.90/0.90m</p>
	Acceso 3 <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrada secundaria por a fachada traseira do edificio</li> <li>• Porta de dobre folla( mediante rampa).</li> </ul>	<p>1.80m</p> <p>0.90/0.90m</p>

	Acceso 4	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada ó cuarto de generadores que está ó lado do depósito de gasoil.</li> <li>Porta de unha soa folla( Porta da verxa).</li> <li>Porta do local</li> </ul>	1,57m 0.97m
	Acceso 5	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada secundaria ó almacén taller e a aula de tecnoloxía .</li> <li>Porta de unha soa folla.</li> </ul>	0.90m
<b>Patio Cuberto</b>	Acceso 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada ó patio cuberto desde o exterior (fronte ó pavellón de secundaria.</li> <li>Porta de dobre folla.</li> <li>NOTA: Mediante esta porta pódese acceder ó pavillón de primaria.</li> </ul>	2.44m 1.22/1.22m
<b>Pavillón de Secundaria</b>	Acceso 7	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada principal ó pavillón .</li> <li>Porta de dobre folla.</li> </ul>	2.50m 1.25/1.25m
	Acceso 8	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada secundaria por a fachada traseira (actualmente bloqueada).</li> <li>Porta de dobre folla.</li> </ul>	2.38m 1.19/1.19m
<b>Comedor</b>	Acceso 9	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada principal ó comedor.</li> <li>Porta de dobre foll.a</li> </ul>	1.88m 0.94/0.94m
	Acceso 10	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada secundaria,por o lateral dereito a entrada principal.</li> <li>Porta de dobre folla.</li> </ul>	1.84m 0.92/0.92m
	Acceso 11	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada secundaria,por o lateral dereito a entrada principal.</li> <li>Porta de dobre folla.</li> </ul>	1.42m 0.90/0.42m
	Acceso 12	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrada secundaria por a fachada traseira.</li> <li>Porta de unha soa folla.</li> </ul>	0.85m

Tabla 13: Accesos ó edificio.

▪ **Accesos para os vehículos de emerxencia.**

No caso dos Bombeiros de Narón, o acceso realizase dende e por a FE-12 ata CP-5401, ata chegar a rúa Rio Seco. A distancia é de 1.7 km e o tempo estimado de chegada é de 3 minutos.

No caso do 061, o acceso é desde a rúa 25 de Xullo, tómase a rúa Murillo hacia a Carreter de Castilla, sigue por rúa Garda hasta Cerrallón de Arriba (FE-12) e continua asta a CP-5401 que conduce a rúa Rio Seco. A distancia é de 3.4 km e o tempo estimado de chegada é de 6 minutos.

Servizo	Distancia	Tempo estimado de chegada
Bomberos Narón	1.7km	3 min
Urxencias médicas	3.4 km	6 min

Tabla 14: Distancia e tempo de chegada dos vehículos de emerxencia.

**2.7. Condicións de aproximación e entorno para os servizos de extinción de incendios.**

		Norma	CPI O FEAL
Anchura mínima libre		3,50 m	Cumpre
Altura mínima libre		4,50 m	Cumpre
Capacidade portante do vial		20 kN/m <sup>2</sup>	Cumpre
Tramos curvos	Radio interior	5,30 m	Cumpre
	Radio exterior	12,50 m	Cumpre
	Anchura libre de circulación	7,20 m	Cumpre

Tabla 15: Condicións de aproximación e entorno

**Número de fachadas accesibles ós vehículos de emerxencias.**

Os vehículos de emerxencia poderán acceder a todas as fachadas, tanto do edificio principal como do pavillón de secundaria e do comedor, entendendo que a fachada “A” é a principal e o resto seguen o sentido das agullas do reloxo.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DUN COLEXIO.**



*Imaxe 4: Fachadas do centro.*

### Capítulo 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.

**3.1. Descrición e localización dos elementos e instalacións que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento.**

#### 3.1.1. Instalacións xerais do C.P.I.- O FEAL.

Instalación		Características e situación
Fontanería		Sen características reseñables
Saneamento		Sen características reseñables
Electricidade		De baixa tensión.
Calefacción	Radiadores	Mediante caldeira de gasoil e eléctricos no comedor.
	Caldeira	Situada nun local independente na planta baixa do centro no patio central que conecta o edificio principal co patio cuberto. Ten acceso independente ó resto do edificio.
	Depósitos	Depósito aéreo situado nunha zona en zona acotada mediante verxa ó resto do edificio.
Telefonía		Sen características reseñables
Seguridade		Circuito de vigilancia mediante cámaras

Tabla 16: Instalacións xerais do C.P.I.-O FEAL.

#### 3.1.2. Situación das chaves de corte xerais.

Instalación	Situación
Auga	Arqueta situada na esquina do edificio principal enfrente do comedor.
Electricidade	Cadros eléctricos principais situados no armario do corredor na zoa do departamento de orientación e da biblioteca.
Gasoil	Caldeira situada na planta baixa do centro.
	Depósito aéreo situado nunha zona vallada do exterior do centro, ó que se accede por a fachada D do edificio principal .

Tabla 17: Situación das chaves de corte.

### 3.1.3. Instalacións de risco.


Descríbense neste apartado os elementos, instalacións, procesos de produción, etc. que poidan dar orixen a unha situación de emerxencia ou incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da mesma.

Edificio	Planta	Local ou actividade de risco	Id.
	<b>Todas</b>	Actividade docente	
<b>Edificio principal</b>	<b>Baixa</b>	Sala de caldeira	1
		Depósito de gasoil	2
		Xenerador	3
		Armario cadros eléctricos principais	4
		Biblioteca Primaria	5
		Biblioteca de Secundaria	6
		Aula de Plástica + almacén	7
		Taller de tecnoloxía + almacén	8
		Cuartos de limpeza	9
		Aula informática	10
		Vivenda conserxe (almacén)	11
	<b>Primeira</b>	Aula Informática	1
		Cuarto de limpeza	2
	<b>Segunda</b>	Aula de informática	1
		Laboratorio	2
Cuartos de limpeza		3	
<b>Patio cuberto e pavillón de primaria</b>	<b>Baixa</b>	Almacén	1

Pavillón secundaria	Baixa	Almacén	1
		Cuarto limpeza	2
Comedor	Baixa	Cuarto da bomba de calefacción	1
		Almacéns	2

Tabla 18: Instalacións de risco.

▪ Edificio principal. Planta baixa:



Imaxe 5: Edificio principal. Planta baixa.



▪ Edificio principal. Planta primeira:




Imaxe 6: Edificio principal. Planta primeira.

▪ Edificio principal. Planta segunda:




Imaxe 7: Edificio principal. Planta segunda.

- **Patio cuberto e pavillón de primaria:**




*Imaxe 8: Patio cuberto e pavillón de primaria.*

- **Pavillón educación secundaria:**



*Imaxe 9: Pavillón educación secundaria.*

▪ **Comedor:**



*Imaxe10: Comedor.*

**3.2. Identificación, análise e avaliación dos riscos propios e dos riscos externos que poidan afectarlle.**

Para determinar o nivel de riscos consideraranse dous factores:

A **probabilidade** de que se materialice un evento.

As **consecuencias** do mesmo.

A **probabilidade** de que se materialice un evento pode ser:

**Frecuente:** ocorre continuamente.

**Probable:** ocorre varias veces na vida do sistema.

**Ocasional:** ocorre algunha vez na vida do sistema.

**Remota:** improbable, pero podería ocorrer na vida dos sistema.

**Improbable:** é moi improbable, polo que pode que non se produza nunca.

As **consecuencias** da súa materialización pódense clasificar en:

**Catastrófico:** morte ou perda da instalación.

**Maior:** danos severos en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.

**Menor:** danos menores en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.

**Desprezable:** danos mínimos en persoais ou instalacións.

Por tanto o criterio par definir o nivel de risco dun evento en función da probabilidade de

que ocorra, e das consecuencias que tería é o seguinte:

Probabilidade	Consecuencias			
	Catastrófico	Maior	Menor	Desprezable
Frecuente	A	A	A	C
Probable	A	A	B	C
Ocasional	A	B	B	D
Remota	A	B	C	D
Improbable	B	C	C	D

Tabla 19: Nivel de risco. Probabilidade por consecuencia.

Sendo:

Nivel de risco	Significado	Consecuencias
A	Intolerable	A instalación non está en condicións de uso seguro. É absolutamente indispensable adoptar medidas de protección adicionais.
B	Intermedio	A instalación se pode usar, pero se deben adoptar medidas de protección adicionais.
C	Intermedio	A instalación se pode usar, pero sería aconsellable a adopción de medidas de protección adicionais.
D	Tolerable	Non é necesario adoptar medidas adicionais.

Tabla 20: Nivel de risco. Probabilidade por consecuencia.

### 3.2.1. Análise e avaliación dos riscos propios da actividade.

Tendo en conta os parámetros sinalados anteriormente para a avaliación de riscos:

Instalación ou actividade	Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel de risco
Actividade docente	Incendio	Remota	Maior	B
	Accidente individual	Probable	Menor	B
	Evacuación	Remota	Maior	B

<b>Cadros eléctricos</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Fallo de suministro eléctrico</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
<b>Sala da caldeira</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Catastrófico	<b>B</b>
<b>Depósito de gasoil</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
	<b>Explosión</b>	Improbable	Catastrófico	<b>B</b>
<b>Cuartos limpeza</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Almacéns</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Bibliotecas</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
<b>Comedor</b>	<b>Accidente individual</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
	<b>Incendio</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Evacuación</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
<b>Pavillóns</b>	<b>Accidente individual</b>	Probable	Menor	<b>B</b>
	<b>Incendio</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
	<b>Evacuación</b>	Remota	Maior	<b>B</b>
<b>Aulas informática e</b>	<b>Incendio</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>

<b>Laboratorio e talleres</b>	<b>Explosión</b>	Improbable	Maior	<b>C</b>
-------------------------------	------------------	------------	-------	----------

Tabla 21: Análise e avaliación dos riscos propios da actividade.

A existencia de riscos de nivel B e C obriga a adoptar medidas de protección adicionais.

### 3.2.2. Análise e avaliación dos riscos externos.

Para identificar os riscos externos que afectan ó C.P.I.- O FEAL acudimos ó Plan de Emerxencias Municipal de Narón (PEMU) que identifica, analiza e avalía de forma exhaustiva os riscos presentes no termo municipal.

Os Plans de Emerxencias Municipais constitúen un instrumento de carácter técnico, composto por un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúen un sistema de dispositivos de resposta da Administración Local fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no seu territorio.

En concreto, o PEMU de Narón, persigue os seguintes obxectivos:

- Organizar as funcións básicas de Protección Civil a nivel local.
- Identificar e analizar os distintos riscos a nivel local.
- Determinar as medidas de prevención fronte ós riscos detectados.
- Coordinar todos os recursos municipais para proceder a dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.
- Promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá.
- Informar e concienciar á poboación sobre os riscos e medidas de protección.
- Levar a cabo o procedemento de integración do PEMU de Narón no Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) dacordo coas directrices deste.

No artigo 2.3. do PEMU realizase a identificación de riscos que afectan ó municipio. Para elo, clasifícoos en dous grandes grupos: riscos naturais e riscos antrópicos (ou inducidos polo home).

Unha vez clasificados, realiza unha cuantificación en tres niveis que definirán os procedementos a seguir:

- Baixo: De xestión autónoma (os medios do municipio son suficientes para afrontalo). Non é necesario decretar unha emerxencia.
- Medio: Analizado no PEMU. Non será necesario realizar un estudo exhaustivo.
- Alto: Precísase un plan específico para abordalo.

En canto ó tipo de riscos que máis incidencia teñen no municipio, dentro dos riscos naturais o máis destacado é o risco provocado polos temporais, con unha estacionalidade de Setembro a Abril e un nivel de cuantificación alto.

Respecto ós riscos antrópicos, na análise realizada polo PEMU de Narón destacan os riscos por lumes forestais e por transporte de mercadorías perigosas.

No caso concreto do C.P.I.- O FEAL os riscos externos que lle afectan son:

Risco	Cuantificación
<b>Temporais (estacional)</b>	ALTO
<b>Transporte de mercadorías perigosas</b>	ALTO
<b>Incendios Forestais</b>	ALTO

Tabla 22: Riscos externos.

Como se sinalaba máis arriba, a existencia de niveis de risco altos indica que é necesario un plan específico para abordalos.

Neste caso, é de aplicación o *Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por accidentes no Transporte de Mercadorías Perigosas por estrada e Ferrocarril en Galicia* (PLAN TRANSGAL). No mesmo establécense as funcións básicas e o contido mínimo dos plans de actuación municipal ante este risco e defínese o marco organizativo xeral que posibilite a plena integración destes no plan especial.

Respecto ó risco por temporais, temos o *Plan de Protección Civil ante o Risco por Temporais en Galicia*, concebido como un instrumento de carácter técnico que comprende un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúe o sistema e dispositivo de resposta da administración fronte a unha situación de emerxencia de temporais de ventos en terra.

Co que respecta os incendios forestais o Concello de Narón elaborou un *Plan de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais en Galicia*, onde se especifica a planificación e coordinación das actuacións e recursos necesarios para facer fronte a este tipo de emerxencias.

### **3.3. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas.**

Atendendo á clasificación e descrición dos usuarios das actividades obxecto do presente Plan de Autoprotección contidas no apartado 2.3, identificábamnos seis tipos de persoas. Atendendo ó seu grao de coñecemento e responsabilidade no Plan:

- Os traballadores e traballadoras habituais.
  - Docentes. Nivel de responsabilidade superior por causa do seu coñecemento do medio e responsabilidade co alumnado que está ó seu cargo.
  - Outros traballadores. Diferentes niveis de responsabilidade dependendo do seu horario laboral e permanencia no centro. A pesar de non ter alumnado baixo o seu cargo, contan en xeral con altas responsabilidades no Plan.
- Alumnos e alumnas.
  - Colectivo máis afectado en caso de emerxencia. O Plan debe incluír liñas de intervención que os dote de competencias para actuar en caso de accidente.
- Monitores e monitoras da ANPA colaboradoras en actividades extraescolares.
  - Responsabilidade similar ós docentes cando contan con alumnado ó seu cargo. Deben coñecer o Plan e contar coa capacitación necesaria para actuar en caso de emerxencia.
- Monitores de comedor.
  - Responsabilidade similar ós docentes cando contan con alumnado ó seu cargo. Deben coñecer o Plan e contar coa capacitación necesaria para actuar en caso de emerxencia.
- Visitantes
  - Son aqueles que permanecen no centro durante un período corto de tempo e con acceso restrinxido a determinados espazos de risco. Neste grupo incluiremos ós familiares dos usuarios.



- Operarios concurrentes
  - Persoal que presta servizo a través das administracións con responsabilidade no mantemento do centro ou pertencen a empresas subcontratadas e teñen acceso unicamente ás áreas reservadas ó traballo. Non teñen responsabilidades no Plan, pero en caso de emerxencia deben deixar o traballo que estaban realizando nunha situación segura (maquinaria eléctrica desconectada, zona libre de obstáculos ou cando menos sinalizada...).

**Identificación das persoas que acceden ás instalacións.**

Co obxectivo dunha óptima organización da prevención e control de emerxencias e, tamén, do cumprimento das obrigas relativas á prevención de riscos laborais no referido a traballadores e traballadoras que accedan ó recinto, achegamos a seguinte clasificación e tipo de acceso.

Clasificación	Tipo de acceso	Requerimentos
Docentes e outros	Habitual	-
Monitores/as	Habitual	-
Operarios concurrentes	Extrordinaria	-Información riscos e medidas. -Acceso restrinxido.
Visitantes	Extrordinaria	-Acceso restrinxido.

*Tabla 23: Identificación das persoas que acceden ás instalacións.*

**Ocupación habitual do centro.**

No momento de elaboración do Plan, a ocupación total do centro é a seguinte,

Docentes	Outros traballadores/as	Alumnado
54	11	580

*Tabla 24: Ocupación habitual do centro.*

Respecto á ocupación habitual do centro, entendemos que a capacidade de evacuación dos alumnos e alumnas das aulas non se vai a ver comprometida en ningún momento debido ás características da actividade que se desenvolve no centro docente, empezando pola consideración do ratio mestre-alumno establecido pola súa normativa de aplicación.

Non obstante é necesario ter en conta a posibilidade de que en determinadas actividades se

xunten máis de dous cursos nunha mesma aula. Por iso, incluímos neste apartado unhas recomendacións ó respecto.

En primeiro lugar, non superar as densidades de ocupación descritas no seguinte cadro:

<b>Densidades de ocupación</b>	
<b>Uso docente</b>	
<b>Zona ou tipo de actividade</b>	<b>Ocupación (m<sup>2</sup>/persoa)</b>
Aulas (excepto de escolas infantiles)	1,5
Aulas infantil e salas de lectura de bibliotecas	2
Locais diferentes de aulas como laboratorios, talleres, ximnasios salas de debuxo, etc.	5

Tabla 25: Densidades de ocupación. Uso docente.

En segundo lugar, ademais de ter a precaución de non superar a densidade de ocupación do espazo, é necesario asegurar a capacidade de evacuación do mesmo, tendo en conta as saídas existentes.

<b>Uso docente</b>	
<b>Número de saídas existentes</b>	<b>Condicións</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Recintos que dispoñen de unha única saída</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A ocupación non excede de 50 persoas en escolas infantiles, primaria e secundaria.</li> </ul>

Tabla 26: Condicións das densidades de ocupación.

## Capítulo 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN.

### 4.1. Inventario e descrición das medidas e medios, humanos e materiais, dos que dispón para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos Emerxencias.

Neste capítulo contémplanse todos aqueles medios humanos e materiais dos que dispón o centro para controlar os riscos detectados, enfrontar situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Públicos de Emerxencias.

#### 4.1.1. Medios humanos.

Atendendo á actividade docente do C.P.I.- O FEAL a organización dos medios realizarase atendendo a tarefas que, como veremos, poden ser desenvolvidas ó longo da xornada por varias persoas diferentes por causa da rotación do persoal.

#### Horario escolar.

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>	Nome: ..... Cargo: Director do C.P.I.- O FEAL
<b>Director do Plan de actuación en caso de emerxencia</b>	Nome: ..... Cargo: Director do C.P.I.- O FEAL
<b>Xefe de emerxencia</b>	Nome:..... Cargo: Conserxe do C.P.I.- O FEAL
<b>Posto na emerxencia</b>	<b>Titular</b>
<b>EI.</b> Equipo de intervención	Docente en horario libre ou en tarefas de coordinación
<b>EAE.</b> Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento	Docente de cada aula
<b>EPA.</b> Equipo de Primeiros Auxilios	Administrativa

Tabla 27: Designación dos medios humanos en horario escolar.

**Horario extraescolar e servicios de almuerzo e comedor.**

A dispoñibilidade de medios é diferente no horario escolar e extraescolar. Atendendo a estas diferencias, a resposta da organización ante unha emerxencia será a seguinte:

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>	Nome:..... Cargo: Director do C.P.I.- O FEAL
<b>Xefe de Emerxencia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Monitor/a de actividades extraescolares</li> <li>· Responsable do comedor</li> </ul>
<b>Posto na emerxencia</b>	<b>Titular</b>
EAE. Equipo de Emerxencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Monitor/a de actividades extraescolares ou monitores de almuerzo e comedor</li> </ul>

Tabla 28: Designación dos médios humanos en horario extraescolar e servicios de almuerzo e comedor.

**4.1.2. Medios materiais.**

Atendendo ós riscos existentes e derivados da actividade, identificados e avaliados no presente Plan de Autoprotección que existen diferentes medios materiais para a súa prevención e xestión da emerxencia que deles se puideran derivar.

**Medios de extinción de incendios.**

**Extintores portátiles**, coa seguinte distribución:

Edificio	Planta	Local	Unidades	Extintor		
				Tipo	Peso	Eficacia
Edificio Principal	Baixa	Corredor de infantil	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Corredor sala de profesores	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Aula de tecnoloxía	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Vestíbulo	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Corredor Primaria	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B

Edificio	Planta	Local	Unidades	Tipo	Peso	Eficacia
Edificio Principal	Baixa	Conserxería	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Cuarto da caldeira	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
	1ª planta da ala (A)	corredor	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Dirección	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
	1ª planta da ala (B)	corredor	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
	2ª planta da ala (A)	corredor	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
	2ª planta da ala (B)	corredor	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
Pavillón de primaria	Baixa	Pavillón	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
Pavillón de secundaria	Baixa	Pavillón	2	Polvo ABC	6KG	27A 183B
Comedor	Baixa	Oficina responsable do comedor	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Comedor	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Cociña	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B
		Cuarto de Bomba de calefacción	1	Polvo ABC	6KG	27A 183B

Tabla 29: Extintores portátiles cos que conta o centro.

### Medios de evacuación

O C.P.I.- O FEAL conta con vías de evacuación horizontais e verticais. Para o seu análise, relacionaremos as características dos percorridos desde cada un dos espazos, con atención especial ós ocupados polos nenos e nenas, e ós percorridos de evacuación que utilizan.

### PORTAS

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
Edificio Principal	Baixa	Bibliotecas	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,80m	Cumpre
		Aulas	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,80 m	Cumpre

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
Edificio Principal	Baixa	Taller de tecnoloxía	Saída 1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertuta 180° normal	1.44m 0.72/0.72	Cumpre
			Saída 2	-Porta de unha folla -Apertura sentido contraio á evacuación -Apertura 90°normal	0.90m	Cumpre
		Sala caldeira	Saída 1	- Porta de dobre folla - Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180° normal	1.20m 0.60/0.60m	Cumpre
		Vivenda do conserxe	Saída 1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180 ° normal	1.10m 0.55/0.55	Cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta - Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,60 m	Non cumpre
		Aseos	Saída 1	- Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.70m	Non cumpre
		Aseos	Saída1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.80m	Cumpre

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
Edificio Principal	Baixa	Conxerxería	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contraio á evacuación -Apertura 90° normal	0.80m	Cumpre
		Cuarto de xeradores	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido favorable á evacuación - Apertura 90° normal	0.97m	Cumpre
		Cuarto de limpeza	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.60m	Non cumpre
		Cuarto limpeza	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.80m	Cumpre
		Sala de mestres	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,80 m	Cumpre
		Departamento orientación	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación - Apertura 90° normal	0,80 m	Cumpre

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
Edificio Principal	Primeira	Aulas	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación - Apertura 90º normal	0,80 m	Cumpre
		Secretaría	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0.80m	Cumpre
			Saída 2	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0.80m	Cumpre
		Dirección	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrairo á evacuación -Apertura 90º normal	0.77m	Non cumpre
		Dirección	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0.80m	Cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0,60 m	Non cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta - Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0.70m	Non cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90º normal	0.80m	Cumpre



Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
<b>Edificio Principal</b>	<b>Primeira</b>	Cuarto de limpeza	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.60m	Non Cumpre
<b>Edificio Principal</b>	<b>Segunda</b>	Aulas	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,80m	Cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0,60 m	Non cumpre
		Aseos	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.70m	Non cumpre
		Aseos	Saída 1	- Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.80m	Cumpre
		Cuarto de limpeza	Saída 1	-Unha porta -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 90° normal	0.60m	Non cumpre
		Aulas de apoio	Saída	-Unha porta -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 90° normal	0.72	Non cumpre

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
<b>Patio Cuberto</b>	<b>Baixa</b>	Patio cuberto	Saída1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180° normal	2.44m 1.22/1.22m	Cumpre
<b>Pavillón Primaria</b>	<b>Baixa</b>	Pavillón de primaria	Saída 1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 180° normal	1.80m 0.90/0.90m	Cumpre
			Saída 2	-Porta de dobre folla -Apertura sentido contrario á evacuación -Apertura 180°	1.80m 0.90/0.90m	cumpre
<b>Pavillón Secundaria</b>	<b>Baixa</b>	Pavillón de secundaria	Saída 1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180°	2.50m 1.25/1.25m	Cumpre
<b>Comedor</b>	<b>Baixa</b>	Comedor	Saída 1	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180°	1.88m 0.94/0.94m	Cumpre
			Saída 2	-Porta de dobre folla -Apertura sentido favorable á evacuación -Apertura 180°	1.85m 0.92/0.92m	Cumpre
			Saída 3	-Porta de unha soa folla -Apertura sentido contraria á evacuación -Apertura 90 ° Normal	0.90m	Cumpre

Edificio	Planta	Local	Saída	Características	Dimensións	Evacuación
Comedor	Baixa	Comedor	Saída 4	-Porta de unha soa folla -Apertura favorable á evacuación -Apertura 90 ° Normal	0.90m	Cumpre

Tabla 30: Medios de evacuación. Portas.

### Criterio para avaliación das portas de saída.

#### Mirar as salidas de cada aula e nº de portas. Mirar norma BNE-CPI-96.

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento das portas de saída de cada un dos espazos do C.P.I.- O FEAL é o recollido na NBE-CPI-96, que establece as seguintes:

Recinto con unha única saída, deben cumprir:

· Para espazos de uso docente, se non superan os 50 alumnos.

e as seguintes normas xerais:

·  $A \geq 0,80$  en portas de unha única folla

## DISTRIBUIDORES

Edificio	Planta	Características	Dimensións	Capacidade	Evacuación
<b>Edificio Principal</b>	<b>Baixa</b>	Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita.	1.60 m	320	Cumpre
		Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita	1.80m	362	Cumpre
		Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita	2.70m	540	Cumpre
		Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita	1.95m - Existen obstáculos pasillo	390	Cumpre
	<b>Primeira</b>	Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita.	1,60 m	320	Cumpre
		Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita.	1,95 m	390	Cumpre

Edificio	Planta	Características	Dimensións	Capacidade	Evacuación
Edificio Principal	Segunda	Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita.	1,60 m	320	Cumpre
		Considérase o distribuidor na súa medida máis estreita.	1,95 m	390	Cumpre

Tabla 31: Medios de evacuación. Distribuidores.

### Critério para avaliación dos distribuidores.

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento dos distribuidores do C.P.I.-O FEAL é o recollido na NBE-CPI-96, que establece as seguintes:

Portas  $P \leq A * 200$

sendo,

P, o número de persoas cuxo paso está previsto polo elemento de evacuación.

A, anchura do elemento de evacuación a dimensionar.

## ESCALEIRAS

No centro escolar existen dúas parellas de escaleiras polas que se realizará a evacuación vertical descendente das persoas que se atopen nas plantas primeira e segunda. Trátase de escaleiras non protexidas.

Escaleiras	Situación	Dimensións	Pegada	Contrapegada	Capacidade	Evacuación
Escaleiras A	Ala A (dianteira)	1,30 m con pasamáns lateral	31 cm	17cm	208	Cumpre
		1.30m con dous pasamáns laterais	31cm	17cm	208	Cumpre
Escaleiras B	Ala B (traseira)	1.30 con pasamáns lateral	31 cm	17 cm	208	Cumpre
		1.30m con dous pasamáns laterais	31cm	17cm	208	Cumpre

Tabla 32: Medios de evacuación. Escaleiras.

**Criterio para avaliación das escaleiras.**

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento das escaleiras do C.P.I.-O FEAL é o recollido no DB-SI do Código Técnico da Edificación que establece as seguintes:

Escaleiras  $A \geq P/160$

sendo,

P, o número de persoas cuxo paso está previsto polo elemento de evacuación.

A, anchura do elemento de evacuación a dimensionar.

Pola súa parte, o DB-SUA do Código Técnico da Edificación establece a anchura mínima útil coa que debe contar una escaleira situada nun centro de uso docente e as medidas da pegada e a contrapegada.

No que se refire ás **saídas ó exterior**:

Edificio	Características	Onde sae	Dimensións	Capacidade	Evacuación
<b>Edificio Principal</b>	-Porta dobre folla -Barras antipánico	Exterior do centro por a porta principal	1.80m 0.90/0.90m	360 persoas	Cumpre
	-Porta dobre folla -Barras antipánico	Exterior do centro por a porta principal	1.80m 0.90/0.90m	360 persoas	Cumpre
	-Porta dobre folla -Barras antipánico	Exterior do centro por a parte de atrás oposta a entrada principal	1.80m 0.90/0.90m	360 persoas	Cumpre
<b>Patio Cuberto</b>	-Porta dobre folla -Sin barras antipánico	Do patio cuberto saése enfrente do pavellón de secundaria	2.44m 1.22/1.22m	488 persoas	Cumpre

Edificio	Características	Onde sae	Dimensións	Capacidade	Evacuación
<b>Pavillón Secundaria</b>	-Porta de dobre -Barras antipánico.	Do pavellón de secundaria sáese enfrente do patio cuberto.	2.50m 1.25/1.25m	500 persoas	Cumpre
	-Porta de dobre folla -Sin barras antipánico	Do pavellón de secundaria sáese o campo que hai na súa parte de atrás. ( Porta ostaculizada, e en mal estado).	2.38m 1.19/1.19m	476 persoas	Cumpre
<b>Comedor</b>	-Porta de dobre -Sin barras antipánico	Saída a fronte a fachada B do edificio principal	1.88m 0.94/0.94	376 persoas	Cumpre
	-Porta de dobre -Sin barras antipánico	Saída por o lateral do pavillón de secundaria	1.84 0.92/0.92	368 persoas	Cumpre
	-Porta de unha folla -Sin barras antipánico	Saída por o lateral do pavillón de secundaria	0.90m	180 persoas	Cumpre

Tabla 33: Medios de evacuación. Saídas ó exterior.

#### Criterio para avaliación das saídas

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento das saídas do C.P.I.-O FEAL é o recollido na NBE-CPI-96, que establece as seguintes:

Portas  $P \leq A * 200$

sendo,

P, o número de persoas cuxo paso está previsto polo elemento de evacuación.

A, anchura do elemento de evacuación a dimensionar.

No que se refire ós **percorridos de evacuación:**

Tomando como referencia os puntos máis alonxados das saídas, os máximos percorridos son:

Edificio	Planta	Punto	Percorrido de evacuación	Evacuación
Edificio principal	Planta Baixa	Aula Primaria	47.99m	Non Cumpre
		Aula Tecnología	30.54m	Non Cumpre
		Aula Infantil Aula Informática	Dcha -28.20m Izda- 17.69m	Cumpre Cumpre
	Primeiro Andar	Aula Secundaria (Ala dianteira)	47.93	Non Cumpre
		Aula Primaria (Ala traseira)	Dcha 30.31m Izda 16.73m	Non Cumpre Cumpre
	Segundo Andar	Aula Secundaria (Ala dianteira)	47.93	Non Cumpre
		Aula Primaria (Ala traseira)	Dcha 30.31m Izda 16.73m	Non Cumpre Cumpre
	Pavillón de Primaria	Planta Baixa	Pavillón de Primaria	51.95m
Patio Cuberto	Planta Baixa	Patio Cuberto	40.65m	Non Cumpre
Pavillón de secundaria	Planta Baixa	Pavillón de Secundaria	20.79m	Cumpre
Comedor	Planta Baixa	Baños do comedor	19.73m	Cumpre

Tabla 34: Percorridos de evacuación

#### Criterio para avaliación dos percorridos de evacuación

O criterio utilizado para avaliar o cumprimento dos percorridos de evacuación do C.P.I.- O FEAL é o recollido na NBE-CPI-96, que establece que en centros docentes o percorrido máximo de evacuación non pode exceder os 30 metros.


#### Punto de encontro e espacio exterior seguro

Existen dous puntos de encontro, un na pista situada na parte de atrás do centro e outro no campo aberto detrás do edificio do comedor.

O motivo de establecer 2 puntos de encontro, é para que os alumnos da ala A (dianteira), saian por a porta principal e se reúnan na parte de atrás do comedor e os alumnos da ala B (traseira) saian por a porta da fachada traseira e se reúnan na pista que hai por a parte de atrás do centro e así de esta maneira evitar confluir o mínimo posible cos vehículos de emerxencias.

A normativa de referencia define o espazo exterior seguro como aquel no que se pode dar por finalizada a evacuación dos ocupantes do edificio. Tendo en conta as condicións aplicables ó centro e as condicións presentes, cumpríranse os seguintes requerimentos:

- Permitir a dispersión dos ocupantes que abandonan o edificio en condicións de seguridade.
- Ditas condicións de seguridade cúmprense na zona do punto de encontro.
- O espazo considerado está comunicado coa rede viaria a través de un portal e está situado a suficiente distancia do edificio docente.
- Permite unha ampla disipación da calor, do fume e dos gases producidos polo incendio.
- Permite o acceso dos efectivos de bombeiros e dos medios de axuda ós ocupantes que, en cada caso, se consideren necesarios.
- Está alexado da entrada pola que acceden os vehículos de emerxencia, co que garantizamos que non haxa interferencias.



Imaxe 11: Punto de encontro.



**Medios sanitarios**

No seguinte cadro móstrase a localización do 1 botiquín que existen no C.P.I.- O FEAL co contido mínimo que deben ter segundo a normativa vixente.

Localización	Contido	
	Cantidade	Material
Conserxería	1	Tiritas de diferentes tamaños
	2	Esoaradrappo hipoalerxénico
	5	Gasas esteris
	5	Compresas esteris
	1	Soro fisiolóxico de 0,9 %
	2	Vendas de distintos tamaños
	1	Tesoura cortarroupa
	1	Pinzas
	1	Tesoura cortagasas
	1	Antiséptico para mans
	1	Alcool para material
	5	Bolsas de frío

*Tabla 35: Material do botiquín.*

No caso de existir no centro algunha persoa que precise de algunha menciña ou vacina específica, será necesario ubicala en lugar visible, identificada e separada do resto do botiquín, con unha indicación por parte de un facultativo de cómo administrala e coa pertinente autorización firmada.

## **Capítulo 5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.**

### **5.1. Consideracións previas sobre o programa de mantemento.**

No presente Capítulo estableceremos a actuación conducente ó establecemento de un bo programa de mantemento preventivo, tanto das instalacións de risco mencionadas no apartado 1 do capítulo 3, como dos medios técnicos contra incendios mencionados no apartado 2 do capítulo 4. Ademais, e máis alá do mantemento operativo das instalacións, o cumprimento das seguintes actuacións satisfará a necesidade de controlar o importante volume de información xerada.

Así, pretendemos contribuir o logro dos seguintes obxectivos:

- Proporcionar o coñecemento sobre as instalacións e sobre o seu estado.
- Posibilitar ó establecemento de accións (programas preventivos, correctivos, grandes reparacións, cambios, etc.)
- Facilitar a mellora das instalacións e da súa xestión.

En relación coa seguridade e a autoprotección, o programa de mantemento achega:

- Dispoñer de unhas instalacións, equipamentos e recursos en condicións operativas, de máxima eficacia e de seguridade.
- Evitar defectos e fallos operativos e dispoñer de procesos destinados a solucionarlos con criterios de eficacia.
- Arbitrar mecanismos para que, en caso de fallo ou defecto, se actúe condicións seguras .
- Dispoñer dunha información organizada, planificada e actualizada para a xestión.

### **5.2. Mantemento preventivo das instalacións de riscos.**

Ás instalacións referidas no capítulo 3, apartado 1, seranlle realizadas operacións de mantemento e/ou inspección. Estas deben ser realizadas por un “Organismo de Control autorizado”.

A información dos rexistros de control e as accións correctivas derivadas destas inspeccións estarán ubicadas nos Servizos de Mantemento, como departamento responsable da súa execución e control.

A continuación acompañamos unha serie de consellos referidos á seguridade e

autoprotección fronte os riscos provocados por ditas instalacións.

### **Instalación eléctrica baixa tensión.**

- As instalacións eléctricas comportan un perigo evidente. Por iso, está prohibido manipular, modificar, ou reparar a instalación por persoal que non sexa instalador electricista autorizado pola Delegación Provincial competente.
- Non se conectarán ás bases de enchufe aparellos de potencia superior á prevista ou varios aparellos que no seu conxunto teñan unha potencia superior.
- Se se apreciase quecemento nos condutores ou enchufes, deben desconectarse.
- As clavixas ou enchufes deben ter as patillas ben atornilladas, para evitar chispazos e quecementos.
- Para a limpeza de lámparas e placas de mecanismos eléctricos, deberanse desconectar previamente.
- Non se debe puentear, substituír ou anular ningún dos elementos dos cadros de protección.
- En caso de interrupción continuada da subministración eléctrica, deberanse desconectar todos os aparellos conectados para que non se danen ó restablecer o servizo.
- Comprobar os interruptores automáticos diferenciais pulsando o botón de proba. Se non se dispara é que está avariado e non existe protección contra as derivacións. Por iso, deberase avisar a un instalador autorizado.
- Non se deben enchufar as clavixas coas mans molladas.
- Non se deberán usar aparellos eléctricos con condutores sen illante (cables pelados), nin clavixas ou enchufes rotos.
- Ó facerse a limpeza, deberán desconectarse os aparellos das tomas de corrente.
- Non tirar do cable ó desconectar os aparellos.
- Non deben achegarse os cables de alimentación de aparellos eléctricos a elementos de calefacción ou a fontes de calor.
- Se caese auga sobre algún aparello eléctrico, desconectarase o circuito e efectuarase a operación coas mans secas e os pés calzados.
- En caso de ausencia prolongada, desconectarase a instalación por medio do interruptor xeral.

### **Instalación de caldeira.**

- Toda modificación que se prevea efectuar, requirirá o estudo e dirección do técnico cualificado e a instalación deberá ser realizada por un instalador autorizado.
- Poden ser motivos de modificación os seguintes:
  - Ampliación parcial da instalación.
  - Cambio do tipo de combustible.
  - Cambio do uso do edificio.
- Deberá gardarse no centro a documentación técnica do equipo de caldeira, manual de funcionamento, catálogo de pezas de recambio e garantía do fabricante.
- As instrucións de servizo colocaranse en sitio visible na sala de caldeiras.
- A instalación manterase chea de auga mesmo en períodos sen funcionamento, a fin de evitar oxidacións por entrada do aire.
- A ventilación e renovación do aire en locais quentados realizarase en 15 ou 20 minutos como máximo.
- As anomalías observadas no funcionamento da calefacción deben ser comunicadas ás persoas encargadas do mantemento.
- Antes de poñer en marcha a instalación debe comprobarse que o circuíto estea cheo.
- En xeral, debe ser vixiada permanentemente polos usuarios esta instalación de calefacción, observando a aparición de cheiros por fugas de combustible, se existen roturas, o estado das chaves de corte, o estado das tubaxes, a inexistencia de placas de advertencias e de prohibicións, goteo en válvula de seguridade, ruídos, vibracións, etc.

### **Instalación de depósitos.**

- Non poderá realizarse ningunha modificación na instalación. En caso de decisión requirirase estudo e autorización por parte do técnico competente.
- Seguiranse as instrucións de funcionamento e posta en marcha da instalación.
- Nas zonas de depósitos non poderán entrar nin permanecer persoas alleas non autorizadas.
- Revisarase a instalación e probarase de novo cando exista variación no tipo de líquido ou da súa utilización.
- Coidarase a permanencia de carteis visibles con inscricións de “líquido inflamable” “prohibido fumar” e símbolo de “perigo de morte”.

### **Grupo electrógeno.**

- Conectar a terra tanto o grupo electrógeno como os receptores.
- Non mollar o xenerador.
- A conexión do grupo electrógeno á rede pública deberá ser realizada por un profesional cualificado, seguindo as normas e regulamentos eléctricos en vigor.
- Debe realizarse unha proba semanal de funcionamento se o grupo electrógeno é de emerxencia por falta de tensión de rede, para asegurarse o seu perfecto funcionamento.
- Manter a distancia de seguridade entre o grupo electrógeno e calquera outro elemento durante o seu funcionamento.
- Non manipular sustancias inflamables cerca do grupo cando se atope en funcionamento.
- Deixar enfriar o grupo electrógeno antes de calquera comprobación e durante o seu funcionamento e ter a precaución de non aproximarse ó motor para evitar o risco de queimaduras.
- Ante a menor irregularidade detectada no funcionamento do grupo, páreo e corrixa o fallo antes de volver a arrancar.
- Inspeccionar periodicamente que o cableado eléctrico se atope en bo estado.
- Se o grupo electrógeno dispón de baterías, recorde que no seu interior contén ácido sulfúrico, sustancia que pode producir queimaduras no corpo humano. Utilizar sempre guantes e gafas de seguridade. Se o contacto se produce coa pel, lave con auga abundante. Se se produce cos ollos, láveos con auga abundante ata que chegue un médico.

### **5.3. Mantemento preventivo das instalacións de protección.**

Neste apartado referenciamos as operacións a realizar, así como a súa periodicidade. Farémolo atendendo ó tipo de medio, e a quen lle corresponde realizar o mantemento, ben o persoal do C.P.I. O FEAL ou a unha empresa autorizada para tal fin.

**Extintores portátiles.**

Operacións a realizar polo persoal do C.P.I.- O FEAL	
Equipo ou sistema	Cada 3 meses
<b>Extintores portátiles</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación ·Inspección ocular de seguros, precintos, inscrición, etc ·Peso e presión ·Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (Baquilla, válvula, manguera, etc)

Tabla 36: Operacións a realizar por membros do cento ós extintores.

No momento de elaborarse o presente Plan de Autoprotección, as operacións de mantemento dos extintores e os seus compoñentes realízanse por unha empresa autorizada.

<b>Razón social do Instalador</b>	Seguridad SL
<b>Teléfono</b>	.....
<b>Correo</b>	.....

Tabla 37: Empresa encargada do mantemento dos extintores.

**5.4. Outras operacións de mantemento preventivo.**

Ademais dunha operativa política de mantemento das instalacións de risco e daqueles medios de protección contra incendio existentes no edificio, é recomendable a existencia de criterios que nos permitan organizar as inspeccións e comprobacións de outros elementos esenciais para unha correcta actuación ante a emerxencia.

**Percorridos de evacuación.**

Comprendemos neste apartado as labores preventivas relacionados cos elementos necesarios para levar a cabo a evacuación.

Operacións a realizar polo persoal do C.P.I.- O FEAL	
Elemento	Cada mes
<b>Saídas das dependencias</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización. ·Funcionamento correcto do dispositivo de apertura.
<b>Percorrido de evacuación</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización

Operacións a realizar polo persoal do C.P.I.- O FEAL	
Elemento	Cada mes
<b>Saídas do edificio</b>	Seguinte <b>comprobación</b> , ·Inexistencia de obstáculos. ·Existencia e boa conservación da sinalización. ·Funcionamento correcto do dispositivo de apertura.

*Tabla 38: Operacións a realizar por membros do centro ós percorridos de evacuación.*

## Capítulo 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

### 6.1. Consideracións previas sobre a actuación ante emerxencias.

No presente capítulo estableceremos unha serie de consideracións conducentes a desenvolver os plans de actuación ante as emerxencias identificadas en capítulos anteriores. Para lograr unha efectiva difusión de ditos plans entre o persoal designado, optamos por incluír neste capítulo as principais recomendacións sobre as actuacións ante emerxencias e principais trazos dos protocolos.

### 6.2. Identificación e clasificación das emerxencias

O obxecto do Plan de Emerxencia é determinar a secuencia de accións a desenvolver para o control das emerxencias que poidan producirse nas instalacións. Para logra-lo teranse en conta a súa gravidade, dispoñibilidade de medios, área de afección e a causa que o produza, establecendo:

¿Que se fará?

¿Cando se fará?

¿Como e onde se fará?

¿Quen o fará?

Para logra-lo, en primeiro lugar, clasifícanse as emerxencias en función do risco, definindo a continuación os equipos do Plan de Emerxencias e as súas misións, así como as accións a emprender e o seu desenvolvemento en cada caso.

#### **En función do tipo de risco.**

En base a identificación de riscos realizada no Capítulo 3, as situacións de emerxencia que se contemplan son:

Propias da actividade do C.P.I.-O FEAL
Incendio
Explosión
Accidente individual
Evacuación
Fallo suministro eléctrico

Tabla 39: Riscos propios das actividades do centro.



<b>Riscos de Plans de protección Civil e actividades próximas</b>	
<b>Riscos naturais</b>	Riscos metereolóxicos ou climáticos
<b>Riscos tecnolóxicos</b>	Transporte mercadorías perigosas
	Incendios forestais

Tabla 40: Riscos de Plans de protección Civil e actividades próximas.

Como xa indiquei no Capítulo 2 compre sinalar a cercanía do polígono Industrial Río do Pozo, a maior superficie de solo industrial da comarca.

### **En función da gravidade.**

Pola gravidade das súas posibles consecuencias, as emerxencias clasifícanse en:

#### **Conato de emerxencia**

O **conato de emerxencia** é un pequeno incidente que non afecta, de inmediato, ó normal desenvolvemento das demais instalacións do centro e que en principio se estima que se pode controlar de forma rápida e sinxela polo persoal e medios de protección propios.

Este primeiro estado de emerxencia debe resolverse sen maior complicación para o resto dos usuarios do centro e sen necesidade de proceder a ningunha evacuación.

Exemplos de conato de emerxencia poden ser: o incendio de unha papeleira, o provocado por un cortocircuíto, ou un incendio de un contedor illado de lixo no exterior do edificio.

Calquera situación que non fora resolta no gró de conato, terá como resultado a evacuación das persoas implicadas, a fin de garantir a súa integridade física.

Nota. Débese ter en conta a posibilidade de que se produza unha **falsa alarma**, que é a situación producida por fallos no sistema Automático de Detección e Alarma ou por erro humano, non existindo incendio, derrame ou calquera outra causa orixinaria de unha emerxencia.

#### **Emerxencia parcial**

A emerxencia parcial prodúcese cando, aínda revestindo a emerxencia certa importancia

aparente, pode chegar a ser controlado polos propios equipos de protección do sector.

### Emerxencia xeneral

A emerxencia xeneral é a que non pode ser controlada polos medios e equipos de emerxencia cos que conta o centro. A actuación dos Equipos de Emerxencia e Autoprotección do centro resultan insuficientes ,requerindo o apoio de outros sectores e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores, servizos de emerxencia como bombeiros, ambulancias, policía, etc.

A emerxencia xeneral comportará a evacuación de todas as persoas que nese momento ocupan o centro, sendo os membro dos Equipos de Emerxencia e Autoprotección as últimas persoas en abandonar o edificio unha vez realizadas as accións de verificación da evacuación.

#### **En función da ocupación e da dispoñibilidade de medios humanos.**

As características da actividade do C.P.I.- O FEAL, observaremos tres situacións en función da ocupación e dispoñibilidade dos medios humanos.

En función da ocupación	
Actividade escolar	Media
Actividade extraescolar	Baixa
Actividades extrórdinarias	Alta

Tabla 41: Identificación e clasificación da emerxencia en función da ocupación.

En función da dispoñibilidade de medios	
Actividade escolar	Alta
Actividade extraescolar	Baixa
Actividades extrórdinarias	Alta

Tabla 42: Identificación e clasificación da emerxencia en función da dispoñibilidades de medios.

### **6.3. Procedemento de actuación ante emerxencias.**

#### **Detección e alerta**

Distinguiremos catro momentos da actuación ante unha emerxencia que requirira a intervención das correspondentes persoas e medios para garantir o seu control en todo momento.

### ALERTA

A **alerta**, que é o resultado da detección, automática ou manual, de unha situación de emerxencia. En este caso deberase:

- Poñer en acción ós intervinentes

### INTERVENCIÓN

A **intervención**, para o control adecuado da emerxencia. Son as operacións de control da emerxencia cos medios materiais e humanos dos que se dispoña, segundo o previsto no Plan de Autoprotección e no tipo de incidente que provoque a alerta.

### ALARMA

A **alarma**, é o sinal de aviso que se da mediante un sistema sonoro, de luces, de claves ou outros, as persoas que estén no edificio para que se protexan de un posible perigo. En caso de producirse, ordenarase a evacuación dos ocupantes e a entrada en acción dos equipos de emerxencia.

### APOIO

O **apoyo**, son as accións encamiñadas a facilitar a intervención de axuda eterna, por medio da recepción e transmisión da información sobre as persoas que están no local ou edificio, as características do propio edificio e os medios existentes. Estes servizos poden ser emerxencias, bombeiros, axuda médica, forzas de seguridade e a información pode ser a relativa ó control de accesos, planos, sustancias, etc.

#### **Mecanismos de alerta e alarma.**

Os mecanismos de alarma no C.P.I.- O FEAL son os que se utilizarán para decretar a alarma.

<b>Alerta</b>	Medios humanos (teléfono, voz)
<b>Alarma</b>	Medios técnicos (timbre no edificio principal) e humanos

Tabla 43: Mecanismos de alarma e alerta.

**Identificación da persoa que dará os avisos.**

Persoa que dará os avisos ós servizos de emerxencia	
Nome	Director do Plan de Actuación en caso de Emerxencia ou Xefe de Emerxencia

Tabla 44: Identificación da persoa que dará os avisos.

**Servizos públicos de emerxencia.**

En Galicia está plenamente implantado o número único de emerxencias 112, como Servizo Público da Xunta de Galicia xestionado conforme a Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia pola Axencia Galega de Emerxencias entidade de dereito público adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza baixo a dirección da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

No marco do desenvolvemento das operativas do Plan de Autoprotección, a coordinación cos distintos servizos públicos de emerxencia realizarase mediante o 112, número único de emerxencias.

**Teléfono de coordinación de emerxencia**  
**112**

- **Número Único de Emerxencias:** urxencias e emerxencias en materia sanitaria, extinción de incendios e salvamento, seguridade cidadá e protección civil.
- **Permanente:** dispoñible 24 horas ó día 365 días ó ano.
- **Servizo Integral:** atende calquera demanda de Urxencia e Emerxencia e coordina as actuacións de tódolos organismos que interveñen na resolución das mesmas.
- **De Balde:** sen custe ningún para o usuario.


Medio	Teléfono
Emerxencias	112
Policía Local Narón	092
Policía Nacional	091

Medio	Teléfono
Guardia Civil	062
Emerxencias Narón	.....
Urxencias médicas	061
Unión Fenosa	.....
Cosma	.....
Información toxicolóxica	.....

Tabla 45: Directorio de teléfonos.

**Os equipos de emerxencia.**

A organización dos medios para actuar nunha situación de emerxencia resulta fundamental para poder facerlle fronte con garantías. Para lograr unha organización efectiva, debe realizarse unha distribución po grupos con funcións específicas en caso de emerxencia.



Imaxe 12:Diagrama dos equipos de emerxencia.

**Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.**

**TODO O PERSOAL DO CENTRO**

**1.- SI SE DETECTA UN ACCIDENTE**

- Prestar asistencia ó ferido.
- Alertar ó equipo de primeiros auxilios.
- Dar parte ó Director do Plan de Actuación.

**2.- SI SE DETECTA UN INCENDIO**

- Alertar á DPAAE:
  - Identificarse
  - Detallar o lugar, natureza e tamaño da Emerxencia.
  - Comprobar que se recibe o aviso.
  - Utilizar inmediatamente o extintor adecuado.
  - Indicar a situación do lume, ó Xefe de Intervención ou membros dos Equipos de Intervención.
  - Regresar ó seu posto de traballo e esperar as ordes oportunas.

**3.- Si SOA A ALARMA**

- Manter a orde.
- Atender e acatar as indicacións do Equipo de Evacuación.
- Non quedarse a recoller obxectos persoais.
- Pechar todas as ventanas.
- Saír ordenadamente e sen correr.
- Non falar durante a evacuación.
- Realizar a evacuación a nivel de chan en caso de presenza de fumes.

**DIRIXIRSE Ó LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL ATA  
RECIBIR INSTRUCCIÓN**

## RECOMENDACIÓNS XERAIS EN CASO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

### PRIMEIRO

Ante un incendio, tratar de separar o material combustible do foco do incendio, pechar portas e ventanas e evitar correntes de aire que poidan intensificalo.

### SEGUNDO

Como norma xeral: primeiro alertar e logo intervir.

### TERCEIRO

Intentar apagalo mediante os extintores portátiles e se se sabe e coñece a súa utilización mediante as bocas de incendio equipadas.

### CUARTO

Manter a serenidade e actuar de forma firme, sabendo sempre o que se fai. Se é posible nunca actuar só.

### QUINTO

Vixiar e protexer a retirada en caso necesario.

- Estar atentos ante a posibilidade de verse envoltos súbitamente polas consecuencias do lume.
- Si é preciso abandonar e conter o lume pechando portas e ventanas. Pechar as portas mentres se escapa.
- Si existe fume: gatear por baixo da capa de fume.
- Si queda atrapado polo fume, respirar polo nariz en intervalos curtos. Gatear polo chan buscando o osíxeno e a menor concentración de gases sofocantes e tóxicos.
- Si é posible localizar tecidos (nunca de fibra artificial) que puiderán aplicarse sobre as vías respiratorias para evitar a inhalación de gases tóxicos ou para cubrirse en caso de ter que atravesar zonas quentes.
- Si queda atrapado polo fume ou polo lume:
  - Tumbarse no chan.
  - Tratar de localizar tecidos (de algodón, nunca de fibra artificial), e humedecelos en auga.
  - Tapar as fendas en portas para imposibilitar a entrada de fumes e gases.

- Se é posible achegarse a unha ventana e solicitar axuda.
- Facer o posible por ser visto ou oído.

#### **SEXTO**

Antes de abrir unha porta: tocala coa man; se está quente, non abríla. Se está fría, abríla con precaución, pouco a pouco, tratando de protexerse das posibles lapas. Se ó abríla sente calor ou presión, pechar de inmediato antes de que o lume penetre no recinto en que se atopa.

#### **SÉPTIMO**

Ante unha gran presenza de fume nun recinto, romper as ventanas . Non abrir ou romper unha ventana que esté directamente sobre o lume.

#### **OITAVO**

O pánico é un factor emocional provocado polo medo que en ocasións leva a correr un risco importante. O risco de pánico é maior se unha persoa o estende a un colectivo. A serenidade e a firmeza das persoas dos equipos de emerxencia evitan situacións de pánico colectivo. En presenza de grupos é necesario identificar aquelas persoas proclives ós ataques de pánico.

### **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO**

#### **PRIMEIRO**

Alertar da presenza de fume ou lume ó persoal designado do centro.

#### **SEGUNDO**

Unha vez alertado o persoal designado, o plan de actuación é o seguinte:

- O Director do Plan de Actuación acudirá ó Posto de Mando, na zona de administración do centro.
- O Xefe de Emerxencia e o persoal en tarefas administrativas ou de garda acudirán ó Posto de Mando.



- O Xefe de Emerxencia, acudirá e ó lugar da emerxencia para realizar unha valoración da mesma e comunicarllo á DPAE.
- O DPAE organizará a actuación dos equipos dispoñibles.

### **TERCEIRO**

O DPAE ou a persoa que se designe solicitará de maneira inmediata Axuda Externa chamando ó 112, informando da situación e comunicándolle o lugar exacto onde sairá a recibilos.

### **CUARTO**

Mentres tanto, o equipo de intervención intentará sofocar o lume. Se a situación non se pode controlar, tomaranse as medidas necesarias para tratar de controlar a súa extensión, mentres non chegan os servicios de Axuda Externa.

Informarase do sucedido ó DPAE.

### **QUINTO**

En caso necesario, o DPAE decretará a evacuación do centro, alertando ós Equipos de Alarma, Evacuación e Confinamento.

Os evacuados dirixiranse ó punto de encontro previamente establecido.

O XE deberá informarse sobre o número de persoas evacuadas que se atopan no punto de encontro e informar ó DPAE.

### **SEXTO**

O DPAE sairá a recibir no lugar indicado ós medios de Axuda Externa solicitados e informará da situación.

## **PROTOCOLO EVACUACIÓN**

Son numerosos os factores incidentes na evacuación, entre os máis importantes sinálanse os seguintes:

### **A orixe ou a causa motivadora da evacuación**

É un factor, sen dúbida, relevante. Non é o mesmo evacuar o colexio con un incendio en fase incipiente que se dito incendio afecta a toda unha planta e os fumes que se xeneran a

invaden amplamente.

### O tempo previo do que poida disporñerse

O tempo dispoñible condiciona enormemente a evacuación. Así podemos atoparnos con:

- **Evacuación inmediata:** O suceso orixinouse de forma súbita. Non existe tempo para realizar unha evacuación ordenada (por exemplo unha explosión ou un incendio súbito que alcanza grandes proporcións nun curto período de tempo).
- **Evacuación diferida:** Desde que o suceso se pon de manifesto existe un período de tempo en algunha ocasión maior que noutras que permite diseñar e preparar a evacuación (por exemplo incendio, escape de gas).

### Horario. Data. Dispoñibilidade de persoal

Dentro do horario escolar non deberían presentarse grandes problemas, pois atópanse no centro a maioría das persoas designadas nos equipos de emerxencia.

## EQUIPO DE ALARMA, EVACUACIÓN E CONFINAMENTO

A evacuación estará dirixida e realizada polo Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento, baixo as instrucións do Director do Plan de Actuación e Xefe de Emerxencia.

A eficacia perseguida tan só se pode lograr con traballo previo.

- Imaxinándose os sucesos posibles: Tarefa dos responsables do Plan Autoprotección e dos membros dos Equipos de Alarma e Evacuación.
- Adestrándose mediante os simulacros: Unha forma para poñer en práctica aquilo previamente imaxinado, para comprobar que, aínda que se trate dun falso incidente, sempre se aprende algo.
- A través deste traballo previo non só aprenden os membros dos Equipos senón, tamén, os equipos directivos e o resto do persoal laboral.

A evacuación vaise deseñar en razón do suceso, da súa orixe, das súas consecuencias e da súa evolución previsible. Con todo isto, débense realizar as seguintes recomendacións:

- Sempre que sexa posible prefixar zonas de risco e proceder conforme a elas. Un incendio, ou un suceso semellante, ten unha evolución previsible. En base a ela, cabe identificar unhas zonas de risco con esixencia de evacuación preferente e por iso establecer un principio de "evacuación progresiva", evacuando en primeiro lugar as zonas máis próximas ás saídas.
- Diferenciar entre aqueles ocupantes capaces de evacuar polos seus medios, e aqueles outros con dificultades que proveñen das súas propias capacidades (idade, falta de mobilidade, impedimentos, etc.). Esta previsión debe estar realizada con anterioridade.
- Asegurarse que a evacuación se realiza cara ás zonas previstas e sen risco.
- Asegurarse que a evacuación é completa (non existen atrasados ou esquecidos) e impedir, e controlar, que ninguén poida volver cara ó foco de risco ou cara ó sinistro.
- As persoas que forman parte dos Equipos de Alarma, Evacuación e Confinamento non son heroes nin heroínas. Simplemente persoas no exercicio da súa responsabilidade.
- En caso de evacuación, todos os evacuados serán dirixidos e guiados ó punto de reunión previsto.
- É preciso levar un control dos desaloxados e indicar sobre o seu estado. En caso de ser evacuado e enviado se fora o cós por exemplo a un hospital, anotaranse todos os datos posibles para a súa localización.
- Os evacuados serán dirixidos e guiados ó punto de reunión previsto, debendo permanecer no mesmo ata que se lles indique que poden abandonalo.

### **EQUIPO DE ALARMA, EVACUACIÓN E CONFINAMENTO**

Neste caso, para realizar un confinamento, hai que sinalar que non hai espazos protexidos no centro.

En caso de que a emerxencia se produza no centro:

- Só se procederá ó confinamento nas aulas, ou noutros puntos indicados pola DPAAE ou Xefe de Emerxencia, en caso de non poder proceder a unha evacuación segura.

En caso de que a emerxencia sexa externa ó centro:

- O sinal de alarma será distinta o da evacuación.

- Entrar dentro do edificio se nos atopamos fora.
- Transladarse ás aulas e confinarse nelas e no espazo máis resgardado do exterior (afastado das ventanas e das portas).

### PROTOCOLO PRIMEIROS AUXILIOS

A prestación dos Primeiros Auxilios corresponde ó Equipo de Primeiros Auxilios (EPA).

### EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS

Os seus compoñentes prestarán os primeiros auxilios ós lesionados pola emerxencia. As súas funcións serán:

- **PRESTAR** atención ó ferido
- **AVALIAR** a lesión e informar da mesma ó Director do Plan de Actuación
- **PREPARAR** o traslado de feridos se fose necesario
- **ACOMPANÑAR** ós feridos o hospital
- **REDACTAR** un informe das causas, procesos e consecuencias

Os primeiros auxilios que deberá realizar o EPA, son todas aquelas medidas ou actuacións que realiza un auxiliador, no mesmo lugar onde ocorreu o accidente ata a chegada de persoal especializado.

Os primeiros auxilios non son tratamentos médicos, son accións de emerxencia para reducir os efectos das lesións e estabilizar o estado do accidentado. Isto último é o que lle concede a importancia ós primeiros auxilios. Desta primeira actuación vai depender en gran medida o estado xeral e posterior para evolución favorable do ferido.

Nunha urxencia, poden ter que aplicarse un destes dous tipos de primeiros auxilios:

#### Primeiros auxilios emerxentes

Nos que existe perigo vital para a vida do accidentado. Algúns son:

- Asfixia
- Parada cardio-respiratoria
- Shock
- Hemorragias importantes.

### **Primeiros auxilios non emerxentes**

Nos que non existe perigo vital, por exemplo:

- Fractura nun brazo
- Dor abdominal, etc.

Polo tanto, unha emerxencia é unha urxencia na que existe unha situación de morte potencial para o individuo se non se actúa de forma inmediata e adecuada. Nas urxencias (sexan ou non emerxencias) os primeiros auxilios xogan un papel importante para o estado posterior do individuo.

Aplicaranse sempre nesta orde os seguintes principios básicos:

#### **1° PROTEXER**

En primeiro lugar, a el mesmo e despois á vítima. Podemos evitar novos accidentes, se sinalizamos o lugar do accidente. Só se hai perigo para o accidentado desprazaremolos, mantendo recto o eixo cabeza-cuello-tronco para evitar posibles lesións.

#### **2° AVISAR**

Chamar ó 112 e comunicar sobre o número e estado aparente dos feridos, se existen factores que poden agravar o accidente e indicar o lugar exacto onde se produciu o accidente. Temos que saber que da información que facilitemos, vai depender tanto a cantidade como a calidade de medios humanos e materiais que se acheguen o lugar do accidente.

#### **3° SOCORRER**

Esta é a finalidade principal dos primeiros auxilios, pero para facelo correctamente previamente é necesario facer unha primeira avaliación do ferido.

## **PROTOCOLO RECEPCIÓN AXUDA EXTERNA**

### **PRIMEIRO**

A recepción da axuda externa realizarase en función do tipo de servizo requirido:

Emerxencias, Policía, Bombeiros ou Ambulancia.

## **SEGUNDO**

Na chamada telefónica na cal se require a axuda exterior, especificouse a axuda necesaria e o número de persoas que requiren a axuda.

## **TERCEIRO**

Unha persoa (o Director do Plan de Emerxencia ou persoa na cal delega se está ocupado), vai se quen reciba ós servicios de urxencia requiridos, no lugar especificado por teléfono, para indicarlles o lugar o cal se teñen que dirixir.

## **CUARTO**

Se o incidente é na noite, encender todas as luces do edificio, tanto interiores como exteriores.

## **QUINTO**

Se a situación se complica e os equipos exteriores de axuda non localizan correctamente a posición do incidente, chamarase ó servizo de urxencias de novo, indicando neste caso as coordenadas do edificio.

## **SEXTO**

Se xa non se require o servizo de urxencias e este aínda non chegou, chamese de novo e informese que xa non é necesario.

### **6.4. Identificación do persoal designado**

Tendo en conta a organización dos medios, procederemos a unha identificación, relación de misións e funcións da mesma.

<b>Director do Plan de Autoprotección</b>	
<b>Titular</b>	Director do centro

Tabla 46: Datos do Director do Plan de Autoprotección.

### **Misión**

É o único responsable para a xestión das actuacións encamiñadas á prevención e control dos riscos antes de que estes se produzan.

### **Funcións**

- Esto significa que, mentras non xurda a emerxencia, é a persoa responsable de xestionar todo o necesario para evitar que esta non se produza.
- Realizar un seguimento da actualización do Plan de Autoprotección e da súa implantación
- Ordenar a adaptación do Plan de Autoprotección cando se realice calquera reforma, modificación ou cambio nas actividades do centro.
- Facilitar a máxima difusión do Plan de Autoprotección entre todos os traballadores do centro e os seus usuarios.
- Realizar os nomeamentos do:
  - Director do Plan de Actuación en Emerxencias
  - Xefe de intervención
  - Equipo de Intervención
  - Equipo de Alarma e evacuación
  - Equipo de Primeiros Auxilios

**Persoal designado en horario escolar.**

<b>Director do Plan de Actuación</b>	
<b>Titular</b>	Director do centro
<b>Suplente 1</b>	Xefe de estudos de primaria
<b>Suplente 2</b>	Xefe de estudos de secundaria

*Tabla 47: Datos do Director do Plan de Actuación.*

### **Misión**

É a persoa encargada de activar o plan, de notificar ós servizos de emerxencia, de informar ó persoal e de adoptar as accións inmediatas para reducir as consecuencias da emerxencia.

### **Funcións**

- É o máximo responsable xerárquico en caso de emerxencia.
- Manterá actualizada a relación de integrantes dos equipos de emerxencia.
- Decidirá as accións que teñen que executarse cando ocorra unha emerxencia.
- Deberá estar localizado permanentemente. En caso de ausencia, asumirá as súas función o suplente designado.
- Definirá a clase de emerxencia coa información recibida do xefe de emerxencia e os diferentes equipos.

### **Actuacións**

- Debe coñecer o protocolo de actuación, para o cal estará debidamente informado.
- Dispoñerá de un teléfono móbil para a súa localización permanente.
  - En caso de emerxencia, en grado parcial ou xeneral, deberá desplazarse ó posto de mando para asumir a dirección da actuación.
  - Realizará a coordinación cos servizos de emerxencia, mantendo un contacto permanente co 112.
  - En caso de ser preciso, recibirá ós medios do servizo de emerxencias externos, informando e colaborando cos mesmos en todo o que lle sexa solicitado.
  - Entregará unha copia do Plan de Autoprotección ós servizos de emerxencia.



- En caso de evacuación, verificará o reconto final do persoal no punto de reunión e recopilará a información sobre os recorridos de evacuación.
- Encaragarase da restauración das condicións normais do edificio unha vez finalice a emerxencia.
- Deberá promulgar as accións pertinentes para investigar as causas que orixinaran a emerxencia.
- Despois da emerxencia, investigaranse as súas causas redactando o correspondente informe dos procesos, consecuencias e actuación ante a emerxencias.

<b>Xefe de Emerxencia</b>	
<b>Titular</b>	Conxerxe
<b>Suplente</b>	Administrativa

*Tabla 48: Datos do Xefe de Emerxencia.*

### **Misión**

É a persoa que, unha vez no lugar da emerxencia, dirixirá a actuación dos distintos equipos en campo. Entre o XE e o DPAE debe existir unha comunicación permanente.

### **Funcións**

- Organizar e dirixir a actuación dos equipos de intervención segundo as intrucións dadas polo DPAE.
- Comunicar ó DPAE de todos os detalles da emerxencia. Apoiar ó DPAE na toma de decisións.
- Organizar os equipos de intervención para realizar comprobacións da evacuación.
- Poderá substituír ó DPAE en caso de ausencia deste e dos seus suplentes.

### **Actuacións**

- Acudirá a zona da emerxencia para valorar o seu tipo e alcance, asumindo a dirección e coordinación dos equipos de intervención e mantendo a comunicación co DPAE.
- Manterá contacto permanente cos equipos de intervención, recibindo continuamente información sobre a evolución da emerxencia.
- Solicitará ó DPAE a axuda dos servizos de emerxencia.
- Transmitirá a orden de evacuación ós equipos de intervención.
- Darás as ordes correspondentes, e no caso de ser preciso, desconectará o fluido eléctrico.

<b>Equipo de Intervención</b>	
<b>Titular</b>	Persoal docente en tempo de descanso ou en tarefas de coordinación

*Tabla 49: Datos do Equipo de intervención.*

### **Misión**

A súa misión é a intervención inmediata ante unha emerxencia para controlar a situación e reducir as súas consecuencias.

O Xefe de Intervención dirixirá a intervención dos membros do Equipo.

### **Actuacións**

- Acudir ó punto da emerxencia para confirmar se existe e, no caso de existir, valorar o seu tipo e alcance.
- Realizar as accións básicas necesarias para controlar a emerxencia seguindo as instrucións do xefe de intervención.
- No caso de que non se poida realizar o control da emerxencia, executar as accións básicas para reducir a propagación da emerxencia seguindo as instrucións do xefe de intervención.
- No caso de que se ordene a evacuación, comprobar esta, seguindo as indicacións do XE ou DPAE.
- Transmitir as incidencias da intervención ó XE ou a DPAE.

<b>Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento</b>	
<b>Titular</b>	Persoal docente en cada aula

Tabla 50: Datos do Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento

### **Misión**

A súa misión é comunicar de maneira inmediata e facilitar a evacuación ou confinamento da zona en caso de que sexa ordenada polo DPAAE.

### **Actuacións**

- Comunicar ao DPAAE a realización de traballos que puidesen desencadear situacións de emerxencia, tais como traballos de mantemento, aqueles que requiran a desconexión dos sistemas de alarma.
- Coñecer a configuración da súa zona de traballo e dos percorridos de evacuación e a situación dos equipos de protección contra incendios.
- Tras recibir a orden de evacuación, interromper a súa actividade e proceder ao desaloxo de todos os ocupantes do edificio, con especial atención para os visitantes e usuarios externos ao mesmo e ás persoas con algunha discapacidade que lle dificulte a mobilidade.
- Despexar cualquier obxecto que dificulte a evacuación.
- Salvo que o DPAAE ou o XE indique o contrario, desplazar as persoas cara o punto de encontro, prestando atención a non entorpecer a chegada dos servizos de emerxencia ou que invadan as vías de circulación de vehículos.
- Realizar un reconto das persoas evacuadas averiguando sobre a posibilidade de que algunha persoa permaneza no interior.
- Informar ao DPAAE ou XE do resultado da evacuación e dos resultados do barrido de comprobación.

<b>Equipo de Primeiros Auxilios</b>	
<b>Titulares</b>	Administrativa

*Tabla 51: Datos do Equipo de primeiros auxilios.*

### **Misión**

A súa misión é a de prestar os primeiros auxilios ós lesionados durante unha emerxencia.

### **Actuacións**

- Decidir se a gravidade dalgún ferido require o seu traslado.
- Transmitir información ó DPAE ou XE sobre o número ou situación dos feridos.
- Informar ó DPAE ou XE dos posibles lesionados provocados pola emerxencia e da localización dos trasladados se os houberse.

**Persoal designado en horario extraescolar e en horario de almorzos e comedor.**

Xefe de Emerxencia		
	Horario almorzo e comedor	Actividades extraescolares
<b>Titular</b>	Responsable do comedor	Solicitante da actividade

Tabla 52: Datos do Xefe de emerxencia en horario de almorzo, comedor e actividades extraescolares.

**Misión**

É a persoa encargada de activar o plan, de avisar ós servizos de emerxencia, de informar ó persoal e de adoptar as accións inmediatas para reducir as consecuencias da emerxencia.

**Funcións**

- É o máximo responsable xerárquico en caso de emerxencia.
- Deberá estar localizado permanentemente. En caso de ausencia, deberá designarse un suplente.

**Actuacións**

- Acudir ó punto da emerxencia para confirmar se existe e, no caso de existir, valorar o seu tipo e alcance.
- Realizará a coordinación cos servizos de emerxencia, mantendo un contacto permanente co 112.
- En caso de ser preciso, recibirá ós medios do servizo de emerxencias, informando e colaborando cos mesmos en todo o que lle sexa solicitado.
- Entregará unha copia do Plan de Autoprotección ós servizos de emerxencia.
- En caso de evacuación, verificará o reconto final do persoal no punto de reunión e recopilará a información sobre as vías de evacuación.
- Deberá promulgar as accións pertinentes para investigar as causas que orixinaron a emerxencia.

<b>Equipo de INTERVENCIÓN</b>		
	<b>Horario almuerzo e comedor</b>	<b>Actividades extraescolares</b>
<b>Titular</b>	Monitores de almuerzo e comedor	Monitores de actividades

*Tabla 53 :Datos do Equipo de Intervención en horario de almuerzo, comedor e actividades extraescolares.*

### **Misión**

A súa misión é a intervención inmediata ante unha emerxencia para controlar a situación, reducir as súas consecuencias e proceder a evacuación dos ocupantes do edificio.

### **Actuacións**

- Coñecer a configuración da súa zona de traballo e dos percorridos de evacuación e a situación dos equipos de protección contra incendios.
- Tras recibir a orden de evacuación, interromper a súa actividade e proceder ó desaloxo de todos os ocupantes do edificio, con especial atención para os visitantes e usuarios externos ó mesmo e ás persoas con algunha discapacidade que lle dificulte a mobilidade.
- Despexar cualquera obxecto que dificulte a evacuación.
- Salvo que o XE indique o contrario, dirixir as persoas cara o punto de encontro, prestando atención a non entorpecer a chegada dos servizos de emerxencia ou que invadan as vías de circulación de vehículos.
- Realizar un recuento das persoas evacuadas averiguando sobre a posibilidade de que algunha persoa permaneza no interior.
- Informar ó XE do resultado da evacuación e dos resultados do barrido de comprobación.

**6.5. Identificación do responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante emerxencias.**

<b>Nome:</b> .....		
<b>NIF:</b> .....		
<b>Cargo:</b> Director		
Dirección: .....	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono:881.....	e-mail: .....	
Fax: 881.....		

*Tabla 54: Datos do responsable da posta en marcha do Plan de Actuación ante emerxencias.*



## **Capítulo 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN EN OUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.**

O Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL intégrase nos seguintes plans de ámbito superior:

- Plan Municipal de Emerxencias (PEMU) de Narón, que xa explicamos no capítulo 3.
- Plan territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA).

### **Plan territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA).**

O PLATERGA, como Plan Director, é o instrumento de carácter técnico que comprende un conxunto de normas, plans sectoriais, plans específicos e procedementos de actuación que constitúen o sistema e dispositivo de resposta das administracións públicas fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito, a estrutura do plan permite dispoñer do marco no que deberán integrarse todos os plans territoriais de ámbito inferior, así como os plans sectoriais e específicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo do PLATERGA é planificar as actuacións co fin de poder dar unha resposta rápida e eficaz ante calquera emerxencia que se presente, no ámbito territorial galego, como consecuencia dos riscos provocados por circunstancias naturais ou inducidas polo home, establecendo o dispositivo necesario de intervención e a adecuada coordinación de todos os servizos públicos e privados chamados a intervir.

A estrutura organizativa do Plan Territorial preséntase como unha "estrutura ascendente", isto é, aumentando os efectivos designados para unha actuación en función da magnitude da emerxencia. Considéranse así catro niveles operativos, desde o nivel inferior ata o superior: Nivel 0 ou Local; nivel 1 ou Provincial, nivel 2 ou Autonómico e nivel 3 ou Estatal.

A primeira actuación, tanto en tempo de resposta como en medios mobilizados, correspóndelle, deste xeito, ó concello, mentres que o cambio de nivel no plan implicará a transferencia de dirección ó nivel superior. As condicións necesarias para o paso do nivel local ó provincial refírense á imposibilidade de actuar fronte a un suceso a nivel local.

A dirección do plan, segundo o ámbito territorial en que se produza e recoloque a emerxencia, corresponde:

- **Nivel 1 ou Local.** Cando é a nivel Local, o director do plan é o alcalde (xefe local de Protección Civil), ou a persoa que o substitúa, podendo cando así o ordene o director constituírse un comité de dirección no que estará presente un representante da Administración Autónoma de Galicia.
- **Nivel 2 ou Provincial.** Cando é a nivel Provincial, a dirección do plan recae no Delegado Provincial da Consellería con competencias en materia de Protección Civil, ou na persoa que o substitúa.
- **Nivel 3 ou Autonómico.** Cando é a nivel Autonómico, a dirección do plan recae no Director Xeral do departamento con competencias en materia de Protección Civil ou a persoa que o substitúa; podendo cando así o ordene o director constituírse un comité de dirección no que estará presente un representante da Administración xeral do Estado.
- **Nivel 3 ou Estatal.** Cando se declare o interese Nacional, crearase un comité de dirección formado por un representante da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeado polo director do plan a nivel autonómico e un representante da Administración xeral do Estado, recaendo neste último a dirección. A declaración de interese nacional pode efectuarse a iniciativa do Ministerio de Interior, a iniciativa propia da Comunidade Autónoma ou do Delegado de Goberno en Galicia.

### **7.1. Protocolo de notificación da emerxencia.**

É necesario establecer un protocolo de notificación inmediata dos incidentes que se produzan e teñan ou poidan ter que ver coas condicións de seguridade do C.P.I.- O FEAL.

A comunicación de actuacións en relación ós riscos externos que poden afectar ó centro e que xa foron analizados en dito Plan realizarase da seguinte maneira:

**Organismo encargado da comunicación.**

112

**Medios para realizar a comunicación.**

<b>Persoa que recibe a comunicación</b>
..... (Director do Plan de actuación ante emerxencias)
<b>Medios a utilizar</b>
<b>Teléfono:</b> .....
<b>E-correo:</b> .....
<b>Fax:</b> .....

**Contido da comunicación.**

<b>Risco</b>
Debe conter información precisa do risco e do seu carácter
<b>Medidas a adoptar</b>
En función do risco e das medidas contempladas no Plan, especificaranse as instrucións.
<b>Contacto</b>
A comunicación incluírá formas de contacto co servizo municipal.

**7.2. Coordinación entre a dirección do Plan de Autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integra o Plan de Autoprotección.**

Ante unha situación de emerxencia, o Director do Plan de Autoprotección deberá colaborar e coordinar as actuacións que sexan necesarias coa dirección de Emerxencias Narón onde se integra este Plan de Autoprotección.

A Coordinación levarase a cabo do seguinte modo:

- Informando correctamente da situación que provocou o incidente e das consecuencias que se poidan orixinar pola natureza dos produtos, materiais e

instalacións, así como os imprevistos que poidan xurdir durante a intervención dos equipos.

- Colaborando no estudio de dita situación, propoñendo as medidas, medios e recursos a utilizar.
- Propoñendo as solucións, ideas, suxestións e actuacións que se consideren máis apropiadas.
- Facilitando a intervención dos equipos e o acceso ás áreas ou zonas afectadas e restrinxidas.
- Poñendo a disposición do Servizo Municipal de Emerxencias os medios necesarios, a información apropiada e adecuada, e a maquinaria e equipos que permitan facer fronte á situación.
- Estudando os posibles plans alternativos de intervención e orientando a actuación dos equipos.

### **Obxectivos xerais desta Coordinación.**

1º- Estudiar e planificar o dispositivo necesario de intervención na situación de emerxencia.

2º- Establecer a adecuada coordinación entre o responsable da emerxencia do edificio e de todos os Servizos públicos e privados chamados a intervir. Estes obxectivos diríxense directamente a:

- Protección das persoas
- Protección dos bens
- Protección do medio ambiente

### **7.3. Formas de colaboración do C.P.I.- O FEAL con Emerxencias Narón.**

Mediante o **envío deste plan**, dándolle a facilidade de coñecelo.

Mediante o **Coñecemento dos equipos** integrados no mesmo.

**Participando nos simulacros** para lograr unha coordinación efectiva.

## Capítulo 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

### 8.1. Criterios para a implantación do Plan de Autoprotección.

O titular do establecemento, e na súa ausencia o Director do Plan de Autoprotección, deberá dar validez ó Plan mediante a súa implantación, que consiste en :

1. **Divulgación do Plan**, procedendo a informar sobre o mesmo a todo o persoal designado e ós usuarios do centro.
2. **Formación e capacitación** do persoal designado.
3. **Establecemento de mecanismos de información ó público.**
4. **Provisión dos medios e recursos** precisos para a aplicabilidade do Plan.
5. **A avaliación** mediante simulacros que permitan comprobar a eficacia do Plan.
6. **Programa de mantemento e de revisións periódicas.**

### 8.2. Identificación do responsable da implantación do Plan.

<b>Responsable da implantación do Plan</b> (Director do Plan de Autoprotección)		
<b>Nome:</b> .....		
<b>NIF:</b> .....		
<b>Cargo:</b> Director		
Dirección: .....	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono:881.....	e-mail:.....	
Fax:881.....		

Tabla 55: Datos do responsable da implantación do Plan.

A implantación do Plan de Autoprotección comprenderá, como mínimo, a formación e capacitación do persoal do centro e a provisión dos medios e recursos precisos para a aplicación do plan.

### **8.3. Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Autoprotección**

Os equipos de emerxencia constitúen o conxunto de persoas especialmente formadas, adestradas e organizadas para a prevención e actuación en accidentes dentro do ámbito deste centro.

A misión fundamental de prevención destes equipos é tomar as precaucións útiles para impedir que se atopen reunidas as condicións que poidan orixinar un accidente.

Para iso, cada un dos compoñentes dos equipos deberán:

- Estar informado do risco xeral e particular que presentan os diferentes procesos dentro da actividade.
- Sinalar as anomalías que se detecten e verificar que foron correxidas.
- Ter coñecemento de existencia e do uso dos medios materiais dos que se dispoñen.
- Facerse cargo do mantemento dos mencionados medios.
- Estar capacitado para suprimir sen demora as causas que poidan provocar calquera anomalía.

Os equipos denomínanse en función das accións que van desenvolver os seus membros en:

- Xefe de emerxencias e intervención
- Equipo de Intervención
- Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento
- Equipo de Primeiros Auxilios

E durante o servizo de comedor :

- Xefe de Emerxencia, con funcións similares ás da DPAE e a XI.
- Equipo de Emerxencia, con misións relacionadas coa evacuación e o confinamento.

Para que os equipos esten capacitados para levar a cabo estas tarefas, é necesario que dispoñan de documentación apropiada, capacitación, medios e formación apropiada para as tarefas que teñan que desenvolver.

***A formación é unha ferramenta esencial na xestión da autoprotección***

Debe integrar de tres aspectos:

**FORMACIÓN**

**ADESTRAMENTO**

**ENTRENAMENTO**

**Director do Plan de Actuación ante emerxencias**

- Coñecer perfectamente o Plan de Autoprotección, especialmente todo o relacionado coa organización e procedementos de actuación en caso de emerxencia contidos no capítulo 6 do presente documento.
- Coñecer as instalacións e, en especial, os medios de evacuación, zonas de risco, etc.
- Disporñer de formación sobre a prevención de incendios, estruturación do Plan de Autoprotección, funcións e composición dos equipos de emerxencia, tipos e fases de emerxencia e desenvolvemento da evacuación.

**Xefe de Emerxencia**

- Formación nos procedementos de actuación establecidos no Plan de Autoprotección, en especial, todo o relacionado coa organización operativa en caso de emerxencia contido no capítulo 6.
- Formación básica sobre a planificación das emerxencias.
- Formación sobre a coordinación e dirección de equipos en emerxencias.
- Formación en Prevención de riscos comúns.
- Adestramento na realización de prácticas e simulacros de adestramento
- Adestramento sobre xestión de comunicacións en emerxencias.
- Adestramento nas actuacións elementais fronte os riscos comúns, uso dos medios de extinción e actuacións en casos de emerxencia.

#### **Xefe e Equipo de Intervención**

- Formación nos procedementos de actuación establecidos no Plan de Autoprotección, en especial, en todo o relacionado coa organización operativa en caso de emerxencia contido no capítulo 6.
- Formación básica sobre a planificación das emerxencias.
- Formación en Prevención de riscos comúns.
- Adestramento nas actuacións elementais fronte ós riscos comúns, uso dos medios de extinción e actuacións en casos de emerxencia.
- Adestramento na realización de prácticas e simulacros de adestramento.

#### **Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento**

- Formación nos procedementos de actuación establecidos no Plan de Autoprotección, en especial, en todo o relacionado con a organización operativa en caso de emerxencia contido no capítulo 6.
- Formación básica sobre a planificación das emerxencias.
- Formación en Prevención de riscos comúns.
- Adestramento nas actuacións elementais fronte ós riscos comúns, protocolos de evacuación e confinamento.
- Adestramento na realización de prácticas e simulacros de adestramento.

#### **Equipo de Primeiros Auxilios**

- Formación nos procedementos de actuación establecidos no Plan de Autoprotección, en especial, en todo o relacionado con a organización operativa en caso de emerxencia contido no capítulo 6.
- Formación básica sobre primeiros auxilios.
- Adestramento nas actuacións elementais fronte ós riscos comúns relacionados cos accidentes.
- Adestramento na realización de prácticas e simulacros de adestramento.

#### **8.4. Programa de formación para todo o persoal.**

Anualmente manteranse reunións informativas de “Divulgación do Plan de Autoprotección” onde se facilitarán as instrucións en caso de emerxencia por escrito, e onde se aclararán as dúbidas e se informará da composición dos distintos equipos de



intervención. Estas reunións informativas estarán dirixidas a todo o persoal que desenvolve a súa actividade habitual no edificio e que non pertenza ós equipos de emerxencia.

Actividade	Período
Formación do persoal que non forme parte dos equipos de intervención	Anual ou cando as modificacións na operativa ou no edificio así o requiran.
Formación do persoal que non forme parte dos equipos de intervención	Anual ou cando as modificacións na operativa ou no edificio así o requiran. Inicial en caso de nova incorporación.

Tabla 56: Programa de formación para todo o persoal.

### 8.5. Programa de información xeral para os usuarios e usuarias.

Atendendo a identificación dos usuarios do centro que realizamos no Capítulo 2 do presente Plan, adoptaranse as medidas necesarias para trasladar información xeral ós ocupantes ocasionais do C.P.I.- O FEAL.

### Normas básicas de actuación para visitantes.

Se descobre unha emerxencia:

- Manteña a calma. Non grite. Existe toda unha organización preparada para estas emerxencias.
- Avise da emerxencia ó empregado máis cercano.
- Espere instrucións.

En caso de evacuación:

- Siga a ruta de evacuación marcada e sinalizada.
- Dirixase ó punto de encontro. Permaneza alí ata recibir novas instrucións.
- Non volva a entrar nas instalacións baixo ningún concepto mentras dure a situación de emerxencia.

### 8.6. Sinalización e normas de actuación para visitantes.

A sinalización instalada no edificio fai referencia a:

- Sinalización da saída e vías de evacuación
- Sinalización de medios de protección e loita contra incendios

### **8.7. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos .**

Anualmente o Xefe de Emerxencias presentará un informe donde se mostren os medios e recursos precisos para o correcto desenvolvemento do Plan , así como a necesidade de adaptación como consecuencia de nova normativa que regule as condicións de seguridade das instalación do centro.

## **Capítulo 9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN.**

### **9.1. Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.**

Nos puntos 8.2. e 8.3. do presente Plan móstranse as táboas que especifican a periodicidade en relación á formación e información a entregar ós traballadores e traballadoras do centro. Dita información e a proporcionada as visitas e as contratas deberase revisar con unha periodicidade anual, modificándose cando proceda.

### **9.2. Programa de substitución de medios e recursos.**

Os medios humanos revisaranse periodicamente e, ó menos unha vez ó ano, para garantir que non queden obsoletos.

Os medios materiais serán sometidos a inspeccións e revisións periódicas, sendo substituídos cando as condicións de operación ou a normativa o requiran.

Remítimonos ó capítulo 5 do presente Plan en todo o relativo ós programas de mantemento.

### **9.3. Programa de exercicios e simulacros.**

Os simulacros son decisivos para lograr unha correcta implantación do Plan de Autoprotección. A súa organización e desenvolvemento debe realizarse cos seguintes obxectivos:

- A preparación de un simulacro debe realizarse de forma exhaustiva, tendo en conta todas as accións e eventualidades que poidan xurdir no seu desenvolvemento.
- No primeiro simulacro, a información suministrada ós equipos de emerxencia e ó resto de usuarios do centro debe ser total. De este modo conseguese que todos os ocupantes coñezan a práctica e, de unha forma sosegada, as accións a emprender en caso de emerxencia.
- No resto de simulacros, a información suministrada irá diminuíndo gradualmente, de tal forma que as accións a emprender se efectúen de forma automática e ordenada, segundo o previsto no Plan de Autoprotección.
- Contarase con observadores imparciais alleos ós equipos de emerxencia e autoprotección, que terán como misión principal seguir o desenvolvemento do simulacro, para a posterior realización de un informe.

- Debense ensaiar mediante simulacro todos os posibles supostos de emerxencia, así como os seus diferentes grós. Cando sexa precisa a colaboración das Autoridades facilitaráselles toda a información posible sobre o simulacro.
- Os simulacros xenerais, realizaranse por o menos unha vez ó ano.
- Despois de un simulacro é necesario que se reunan todas as partes implicadas ou, por o menos, unha representación por cada parte, con o fin de obter o máximo número de conclusións e melloras a adoptar.
- Os obxectivos principais de un simulacro de emerxencia son:
  - Adestrar ós compoñente dos equipos de emerxencia do centro nas funcións previstas para eles no presente Plan, así como do persoal que, en caso de necesidade, debe ser evacuado.
  - Detección de posibles circunstancias non tidas en conta na elaboración do Plan de Autoprotección ou anomalías no desenvolvemento das funcións que deben realizar os compoñentes dos equipos de emerxencia.
  - Comprobación do correcto funcionamento de algúns medios técnicos existentes de protección e loita contra as emerxencias.
  - Determinacións de tempos, tanto de intervención dos distintos equipos como dos servizos de emerxencias e de evacuación, da forma máis real posible.
  - Cumprir o establecido na normativa vixente.

#### **9.4. Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Autoprotección**

Co obxectivo de manter a operatividade e efectividade do Plan de Autoprotección unha vez implantado, é necesario establecer un programa de mantemento do mesmo. As actividades necesarias para manter o Plan, inclúense a continuación, indicando a periodicidade das mesmas.

<b>Actividade</b>	<b>Periodicidade</b>
<b>Revisión da información a entregar ás visitas, contratas, etc.</b>	Ó inicio da actividade e, posteriormente, de forma anual.
<b>Charla da operativade de emerxencias ós equipos de emerxencia</b>	Inicial
<b>Revisión das actuacións dos compoñentes dos equipos de emerxencia</b>	Anual

Actividade	Periodicidade
<b>Revisión do programa de mantemento de instalacións</b>	En función de obras, cambio de uso de determinadas salas, variacións de ocupación, etc.
<b>Revisión do Plan de Autoprotección</b>	Sempre que existan cambios ou se detecten disfuncións e, como mínimo, cada ano.

*Tabla 57: Revisión e actualización da documentación que forma parte do Plan de Autoprotección.*

Tamén se fará un seguimento do programa de formación e modificarase se é necesario a composición dos equipos de emerxencia e autoprotección (vacacións, traslados, despedimentos, etc.) de maneira que a lista de compoñentes do equipo se manteña sempre actualizada.

### **9.5. Programa de auditorías.**

O DPAE realizará inspeccións aleatorias do estado de mantemento e operatividade dos medios materiais descritos no Plan de Autoprotección.

Así mesmo, realizará auditorías da composición e formación dos membros dos equipos de emerxencia.

## **ANEXOS DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.**

Anexo I: DIRECTORIO DE COMUNICACIÓNS.

Anexo II: FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DA EMERXENCIA.

Anexo III: ACTAS E DECLARACIÓNS.

Anexo IV: PLANOS.

## ANEXO I

### DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN

#### 1. Teléfonos do persoal designado.

Posto na emerxencia	Nome	Teléfono
Director do Plan de Autoprotección		
Director do Plan de actuación ante emerxencias		
Xefe de emerxencia		
Equipo de intervención		
Equipo de alarma e evacuación		
Equipo de primeiros auxilios		

#### 2. Teléfonos de axuda exterior.

Medio	Teléfono
Emerxencias	112
Policía Local Narón	
Policía Nacional	091
Guardia Civil	062
Emerxencias Narón	
Urxencias médicas	061
Unión Fenosa	
Cosma	
Información toxicolóxica	

## ANEXO II

### FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DA EMERXENCIA

- **Documento 1.** Mensaxe tipo de comunicación ó servizo de emerxencia.
- **Documento 2.** Informe en caso de ameaza de bomba.
- **Documento 3.** Seguridade infantil nas excursións escolares.

#### D1. Mensaxe tipo de comunicación ó servizo de emerxencia

Aqui o C.P.I.- O FEAL, ubicado na rúa.....
Temos unha <b>emerxencia por ...</b>
<b>Incendio, accidente, ameaza de bomba, etc.</b>
Na <b>zona de ...</b>
<b>Indicar a zona do centro</b>
Realizaronse as <b>seguintes accións ...</b>
Hai ... persoas <b>feridas</b>
(no caso que existan)
O teléfono e contacto do <b>Director do Plan de Actuación ante Emerxencia</b> é:
Nome: .....
Teléfono: .....
Os <b>puntos de encontro</b> exterior están situados na pista da parte de atrás do centro e na zona de campo situada detrás do edificio do comedor.

#### D2. Informe en caso de ameaza de bomba

Data	Hora	Duración
------	------	----------



Voz masculina		Voz femenina		Infantil	
<b>Se é posible, faga as seguintes preguntas:</b>					
¿Cando estalará a bomba? ¿Onde se encontra colocada? ¿Que aspecto ten a bomba? ¿Que desencadeará a explosión? ¿Por que, que pretende? ¿Pertence a algún grupo?					
<b>Texto exacto da ameaza:</b>					
<b>Voz do comunicante:</b>					
Tranquila		Excitada		Enfadada	
Tartamuda		Normal		Xocosa	
Forte		Suave		Susurrante	
Clara		Gangosa		Nasal	
Con acento		Chillona		Outro	
Se a voz lle resulta familiar, diga a quen lle recorda ou a quen se lle parece:					
<b>Sonidos de fondo:</b>					
Ruídos de rúa		Maquinaria		Música	
Cafetería		Oficina		Animais	
Cabina		Conferencia		Outros	
<b>Linguaxe da ameaza:</b>					
Correcto		Vulgar		Incoherente	
Mensaxe lido		Grabado		Outro	
<b>Observacións:</b>					

**D3. Seguridade infantil nas excursións escolares**

<b>Destino</b>	
----------------	--

<b>Data</b>	
<b>Horario</b>	

▪ **Actividades**

<b>Actividade</b>	<b>Riscos previstos</b>

▪ **Participantes**

<b>Alumnado</b>	<b>Docentes</b>	<b>Outro persoal</b>

▪ **Medios de protección**

<b>Medio</b>	<b>Responsable</b>

▪ **Xefe de Emerxencia**

<b>Nome:</b> .....		
<b>NIF:</b> .....		
<b>Cargo:</b> .....		
Dirección: .....	Localidade: Narón 15572	Provincia: A Coruña
Teléfono: 881.....	e-mail:.....	
Fax: 881.....		

## ANEXO III

### ACTAS E DECLARACIÓNS

- **Documento 1.** Actas de divulgación do Plan e constitución dos equipos de emerxencia.
- **Documento 2.** Informe do simulacro de emerxencia.
- **Documento 3.** Autoría do Plan.

#### D1. Divulgación e capacitación dos equipos de emerxencia

Para que os equipos de emerxencia designados estén capacitados para desenvolver as tarefas asignadas, é necesario que dispoñan dunha formación mínima e capacitación nas accións que se terán que desenvolver en caso de emerxencia.

Na procura deste obxectivo e no marco das instrucións incluídas no Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL, procedeuse a organizar unha reunión de divulgación e coordinación:

<b>Coordinación dos equipos de emerxencia</b>
Equipos: DPAE e Xefe de Emerxencia
<b>CONTIDO</b>
1. Plan de Autoprotección: Plan de Actuación ante emerxencias
2. Coordinación dos equipos de emerxencia
3. Coordinación cos servizos públicos de emerxencia

<b>Actuación ante emerxencias</b>
Equipos: Todo o persoal designado
<b>CONTIDO</b>
1.A Autoprotección e o sistema de protección civil
2.O Plan de Autoprotección: contidos
3.Os medios e medidas de autoprotección
4.Principios da loita contra-incendios
5. plan de actuación en caso de emerxencia
6.Primeiros auxilios pediátricos

## D2. Informe do simulacro de emerxencia

A implantación do plan de autoprotección é a súa divulgación entre o persoal designado así como a súa capacitación.

No marco do programa “Autoprotección nas escolas”, o persoal do centro participou en diversas accións formativas que culminaron coa participación nun simulacro de emerxencia.

Propúxose o desenvolvemento de un exercicio de simulación no que se recreou unha situación hipotética de emerxencia fronte á cal os participantes tiveron que tomar decisións basadas na información que recibiron durante o exercicio.

Conscientes de que a dificultade da implantación debe axustarse ó nivel de formación e capacitación previa, e tendo en conta a organización nun futuro próximo de novas accións dirixidas a difundir os principios da autoprotección, a simulación proposta xira arredor de un exercicio relativamente sinxelo. Propúxose unha actuación fronte un incendio que obrigue a actuación dos equipos de intervención, de alarma, evacuación e confinamento, así como a actuación do Xefe de Intervención e, evidentemente, a do Director do Plan de Actuación en caso de emerxencia.

### Obxectivos da simulación

- Reforzar a formación recibida nas accións previas á simulación e no marco da implantación do Plan de Autoprotección do centro.
- Avaliar a capacidade de toma de decisións do persoal do centro.
- Validar o plan de actuación ante emerxencias do centro.
- Capacitar ós distintos equipos designados para actuar durante a emerxencia.

### Proposta de simulación.

<b>Incidente</b>	Incendio+evacuación + confinamento
<b>Lugar</b>	Incendio → biblioteca secundaria, planta baixa do edificio principal Evacuación → edificio principal, pavillón de primaria e patio cuberto Confinamento→ en comedor e pavillón de secundaria
<b>Día</b>	Jueves, 5 de maio de 2016

<b>Hora</b>	11h00
<b>Medios disponibles</b>	· DPAAE · Xefe de Emerxencia · Equipo de alarma, evacuación e confinamento

### **Valoración dos equipos de emerxencia**

- **Director do Plan de Actuación ante Emerxencias:**
  - Valoración:.....
  - Intenta controlar todas as fases da emerxencia.
  - Non avisa ós servicios de emerxencia( hai que recordallo).
  - Aínda que sinalou a zona donde se estaba o foco do incêndio, nunha situación real. debería especificar exatamente o lugar para que a intervención sexa máis rápida.
  
- **Xefe de Intervención:**
  - Valoración:.....
  - Non desconecta o fluído eléctrico
  
- **Equipo de Alarma, Evacuación e Confinamento:**
  - Valoración:.....
  - Saída algo desordenada ( alumnos de secundaria).
  
- **Equipo de intervención:**
  - Valoración:.....
  - Tardan en avisar que se está producindo un incêndio.
  - Portas sen pechar.

### **D3. Autoría do Plan**

O Plan de Autoprotección do C.P.I.- O FEAL foi elaborado por....., con DNI....., na súa calidade de Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns .

Data:

Asinado:

## ANEXO IV

### PLANOS

#### **ÍNDICE DE PLANOS.**

**-Plano de situación.**

**-Planos dos percorridos de evacuación do edificio principal e do pavillón de secundaria.**

**-Plano dos percorridos de evacuación do comedor.**

**-Planos descritivos:**

**0.1. Plano descritivo planta baixa.**

**0.2. Plano descritivo primeira planta.**

**0.3. Plano descritivo segunda planta.**

**0.4. Plano descritivo pavillón de secundaria.**

**0.5. Plano descritivo comedor.**




Coordenadas UTM	
HUSO 29	
X	565566
Y	4819535

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN  
C.P.I.-O FEAL**

<b>Plano de Situación</b>	Nº de Plano:	Escala: Data:
---------------------------	--------------	------------------





DETALLE A




PLANTA PRIMERA



PLANTA SEGUNDA  
Escala 1/50






LEENDA EVACUACIÓN	
	SENTIDO DE EVACUACIÓN
	INICIO DE EVACUACIÓN
	FIN DE EVACUACIÓN

LEENDA EXTINCIÓN SI	
	EXTINTOR MANUAL POLVO ABC
	EXTINTOR MANUAL CO2
	BOCA DE INCENDIOS EQUIPADA

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN			
C.P.I. - O.FEAL			
PLANO	COMEDOR	Nº PLANO:	ESCALA:
	MEDIOS AUTOPROTECCIÓN		DATA: 2016
PROPIEDAD			



PLANTA BAJA

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN  
C.P.I. - O FEAL

PLANO	PLANTA BAJA PLANO DESCRIPTIVO	N° PLANO: 01	ESCALA: 1/100 DATA:
-------	----------------------------------	--------------	------------------------



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN  
C.P.I. - O FEAL


PLANO	PLANTA PRIMEIRA PLANO DESCRIPTIVO	N° PLANO: 02	ESCALA: 1/100
-------	--------------------------------------	--------------	---------------



**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**  
C.P.I. - O FEAL


PLANO	PLANTA SEGUNDA PLANO DESCRIPTIVO	N° PLANO: 03	ESCALA: 1/100 DATA:
-------	-------------------------------------	--------------	------------------------





PLAN DE AUTOPROTECCIÓN  
C.P.I. - O FEAL

PLANO	PAVILLÓN SECUNDARIA PLANO DESCRIPTIVO	N° PLANO: 04	ESCALA: 1/200 DATA:
-------	--	--------------	------------------------



COMEDOR

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN  
C.P.I. - O FEAL

PLANO  
COMEDOR  
PLANO DESCRIPTIVO

N° PLANO: 05

ESCALA: 1/100  
DATA: